



Maio 2007

Periódico labrego de información técnica e sindical

Número de rexistro: 980635

T Á B O A

■ Galiza

O SLG recorre contra as concesións mineiras a Erimsa

O Sindicato Labrego e un gandeiro de Goá veñen de presentar un recurso contra as concesións mineiras a Erimsa na Terra Chá. O argumento fundamental que se utilizou para iso foi que non existe ningún Plan Sectorial de Actividades Extractivas aprobado que permita a explotación do cuarzo desta bisbarra. **Páx. 10**

■ Aldea Global

Cendán defende en Bruxelas unha PAC alternativa

Xosé Ramón Cendán participou, o 16 de abril, nunha conferencia en Bruxelas na que a Comisión Europea presentou as propostas de reforma da Política Agraria Común (PAC) para despois do 2013. Fíxoo como membro da Executiva da Coordinadora Labrega Europea (CPE). **Páx. 15**

■ Agroecoloxía

Rexeitamento dos transxénicos na agricultura ecolóxica

Lidia Senra e Charo Sánchez Parga rexeitaron nunha rolda de prensa a decisión do Parlamento Europeo de permitir unha contaminación "accidental" do 0'1% con transxénicos en produtos ecolóxicos sen obriga de informar desa presenza na etiquetaxe. **Páx. 20**



Rúa Touro nº 21, 2º

Santiago de Compostela

Tlf. 981 554147 ; Fax 981 572570

e-mail: prensa@sindicatolabrego.com

www.sindicatolabrego.com

A nova Dirección da Carne xa prepara as eleccións á IXP Tenreira Galega

■ Este órgano do SLG foi renovado no seu congreso sectorial celebrado en Sarria o pasado 28 de abril. Ficou pendente a escolla da persoa que o coordinara os vindeiros catro anos.

■ As eleccións ao consello regulador da Indicación Xeográfica Protexida Tenreira Galega serán o 1 de xullo, e serán a tarefa máis urxente a acometer pola nova directiva. **Páxs. 2 a 4**



As mobilizacións contra a baixada no prezo do leite comezaron en Compostela e Lugo

O Sindicato Labrego, acompañado das dúas organizacións agrarias con filiais en Galiza, comezou en abril as mobilizacións contra as industrias que van baixar o prezo do leite. De primeiras, houbo concentracións informativas en Compostela e Lugo os

días 17 e 24 de abril, respectivamente. Ao peche deste Fouce, estaban previstas novas mobilizacións nas cidades de Vigo e A Coruña en maio co obxectivo de informar á cidadanía dos prezos de miseria impostos polas empresas. **Páx. 7**



O sector de ovino e cabrún fixo unha asemblea para reorganizarse

O 14 de abril, Lalín acolleu un encontro entre produtores e produtoras do SLG nos sectores de ovino e cabrún. O obxectivo desta xuntanza foi a de poñer en común e debater coñecementos e inquiredanzas de cara a elaborar

unha táboa reivindicativa para presentarlle á Consellaría de Medio Rural e outras administracións competentes en temas relacionados con este sector. Ademais, organizouse un grupo permanente de traballo. **Páx. 8**

Admítense as terras queimadas no pago único grazas ás xestións do SLG

O 22 de agosto de 2006, unha comisión de gandeiros afectados polos lumes na Zona Cero (Ponte Caldelas, Cotobade, A Lama e Fornelos de Montes), acompañados por Mariano Lema, reuníronse co delegado provincial de

Medio Rural, Gonzalo Constenla, para pedirlle, entre outras cousas, que as terras queimadas puidesen computar no pagamento único. O que hai uns meses era problema, xa se solucionou grazas ás xestións do SLG. **Páx. 10**



Edita:

Edicións Fouce

Departamento de Publicacións de
Servicios Agrarios e Contables S.L.
CIF: B - 27165646

Coordinación:

Xosé García

Colaboracións: Isabel Vilalba
Xabier Simón, Mariam Ferreira,
Ramón Barreiro, Margarida Prieto
Ledo, Mariano Lema e Xosé
Manuel González Vilas.

Deseño e maquetación:

Xosé García

Sede da redacción:

Rúa Touro nº 21, 2º
Santiago de Compostela
Tlf: 981 580449
Fax: 981 572570

Depósito Legal: C-749/88

**SINDICATO
LABREGO
GALEGO**

COMISIÓN
LABREGAS

LOCAIS

SANTIAGO DE COMPOSTELA
Rúa Touro nº 21, 1º. Tlf. 981 588532
MELIDE - Praza do Convento nº2
ARZÚA - Rúa Padre Pardo nº24, 1º D
Tlfno. 981 508 177
MUXÍA - Antiga autoescola Quintáns
CARBALLO
Rúa Río Sil nº 52, Baixo. 981 703169
MAZARICOS - Bar Jurjo
SANTA COMBA
Rúa Pontevedra, Tlf/Fax. 981 880909
ORDES - Rúa Xeneralísimo nº 38, 1º
Tlf. 981 682908
PONTE CARREIRA - Bar O Taxista
BETANZOS
Praza da Constitución nº 4, 1º.
Tlf: 981 773377
SARRIA
Rúa Nova 60, entrechán. 939 274186
CURTIS
Av. do Xeneralísimo nº 64. 981 786654
SAN SADURNIÑO - 981 490430
Lugar de Outeiro s/n
AS PONTES - Rúa Balsa nº 28
O BARCO - Casa sindical
Tel. 988 321511 / Fax: 988326723
CELANOVA - Rúa Areal nº6, baixo.
Teléfono: 630 970 131
O CARBALLIÑO, Casa sindical
Teléfono: 630 970 131
VERÍN
Travesía de Sousas nº 20, Galerías
Maga Tlf. 988 590438; Fax 988 590439
RIBADAVIA
CIG Casa Sindical. Tlf. 988477230
Fax. 988477230
XINZO
Casa Sindical Tlf. 988 462547
TRIVES - CIG Casa Sindical
Teléfono 699 924 634
LUGO
Miguel de Cervantes nº47, ent.
Tlf. 982 231154
MONFORTE
Local da CIG en AISS. Tlf. 982 403005
CHANTADA
Praza do Concello, baixos AISS
Tlf/Fax: 982 462103
ESCAIRÓN - Local da Cámara Agraria
RIBADEO - Av. de Galiza nº20, 3º. AISS
Tlf/Fax. 982 130615
LOURENZA
Av. da Mariña nº11, 1º. Tlf. 982 121376
VILALBA - Cidade de Viveiro 1 ent. A.
Tlf.982 512431
A ESTRADA - Capitán Bernal nº10, 1º
Tlf/Fax 986 573232
MEIRA - Xeneralísimo 47-49. Edif. Miño
Entrechán E. Tlf/Fax: 982 331714
LALÍN -
Arenal nº1, 1º andar. Tlf. 986 782191
SILLEDA - Avenida do Parque, 32
Centro comercial O Parque, oficina 12
986 580526
TEIXEIRO - Rúa Martínez Pardo nº13,
1º esq / Tlfno. 981 789 781
PONTEAREAS
R/ Dario Bugallal nº15, 1º. 986 641508
Martes a xoves, de 10.00 a 13.00
O ROSAL - Rúa Ramón Franco, Edif.
Rosales. Tlf. 986 625 394
O SALNÉS
Av. Bouza Matín nº 9, 1º. Barrantes,
Ribadumia. Tlf. 986 718 526
VIANA DO BOLO Antigo centro de
saúde. Tlfno. 629 621 047

A nova Dirección da Carne xa prepara as eleccións á IXP Tenreira Galega

O órgano do SLG foi renovado nun congreso en Sarria ao que asistiron gandeir@s de toda Galiza

Desta vez tocoulle á vila lucense de Sarria ser a sede do último dos congresos sectoriais do Sindicato Labrego preparatorios para o sétimo. Agora, habían ser produtores e produtoras de carne de vacún de toda Galiza quen se

reunirían, o 28 de abril, para renovar a súa dirección nacional para os vindeiros catro anos. Malia non elixiren aínda á persoa responsábel deste órgano, xa se van poñer a traballar nas eleccións á IXP Tenreira Galega.



A Dirección da Carne elixida, con suplentes e titulares, está composta por Antonio Fernández, Branca Núñez, Manuel Fernández, Xosé Díaz Taboada, Xosé Antonio Fernández, Rosa María García, Eva Díaz, Marcos Díaz, María Xesús Vilabril, Isabel Alonso, Xosé Álvarez Lombardero, Manuel Núñez Monjardín, Xabier Montes, Xosefa Armada, María Luísa López, Miguel Anxo Otero, Vicente González, Anxos López, María Fe Branco, Ismael López, Miguel López, Tareixa Arrojo, Adolfo Cabarcos, María Xesús Carreira, Cruz Valle, Xabier Manuel Prieto, Xoán González, Xosé Branco, Gabriel Francisco Enriquez, Herminia Salgado, Samuel Formoso, Xosé López, Serxio Mosteiro, Claudia Facorro, Rosa María Varela, Carlos Gabián, María Armada Cordeiro, Xosé Albino González e Mercedes Alonso.

Amais de elixir á dirección do sector, o congreso serviu tamén para debater un relatorio no que se analizaba polo miúdo a situación e problemáticas deste eido da nosa gandería, e se establecían propostas de acción e estratexias para facerlles fronte.

Así, o relatorio congresual achegou datos moi interesantes, como a discriminación que sofre Galiza no reparto dos dereitos para cobrar axudas en concepto de vacas nutrices. Cun censo oficial de 260.000 vacas e preto de 15.000 produtores e

produtoras, Galiza ten o 27% de vacas aleitantes do Estado pero só o 8% dos dereitos para cobrar axudas por elas. Mentres que en Galiza a media destes dereitos é de 8 por explotación, no resto do Estado triplicase e chega a 25 (algunha comunidade ten unha media de 60 dereitos por explotación). Isto fai que, na Galiza, só o 50% das vacas aleitantes perciban a prima que lles corresponde, cun Ministerio de Agricultura que leva máis de catro anos sen distribuír os dereitos que ten na reserva. Todo isto agudizouse por mor da

fuga de dereitos dende as explotacións que pecharon en Galiza cara a outras comunidades do Estado, como Estremadura ou Castela e León, propiciada pola especulación.

Outras problemáticas do sector analizadas teñen que ver co impacto das sucesivas reformas da Política Agraria Común (PAC), que marcaron unha tendencia á baixa dos prezos da carne que se agudizou coa crise das vacas tolas, e da que comezamos a recuperarnos dende o ano pasado, cando empezaron a subir. Agora, a

principal ameaza para o valor da nosa carne vén das importacións a baixo prezo de países como Arxentina e Brasil, que poden producir a 2 euros por quilo en canal. Mentres que a Organización Mundial do Comercio (OMC) teima en que se eliminen todos os aranceis para que poida entrar esta carne libremente en Europa, o que suporía o desmantelamento e destrución do sector en toda a Unión, para o SLG segue sendo vital manter un sistema de aranceis que protexa ás nosas explotacións disto.

Prezos, terra e dereitos entre as principais demandas do SLG para o sector

En canto ás propostas do Sindicato Labrego para o sector, foron varias: unha renda agraria que veña duns prezos dignos e non das subvencións; fixación dun prezo mínimo que cubra os custes e remunere os salarios das explotacións; creación dunha mesa de prezos que garanta a estabilidade do valor da carne ao longo de todo o ano; demandar da Xunta de Galiza medidas destinadas a aumentar a base territorial das explotacións; oposición ás im-

portacións a baixo prezo; dotar a todas as vacas aleitantes galegas dos dereitos por vaca nutriz que lles corresponden; control e transparencia nos matadoiros; prohibición do uso de fariñas cárnicas, alimentos transxénicos e antibióticos na fabricación de pensos; supresión do certificado ante-mortem, por ter unha utilidade mínima e supor un importante gasto público; sistemas de tratamento dos materiais específicos de risco e de acrotalamento públicos



O Congreso de Vacún de Carne estivo caracterizado por unha nutrida asistencia e un bo ambiente de traballo e debate

e gratuítos; e unhas primas gandeiras suficientes para compensar as sucesivas caí-

das de prezos que se deron no pasado e que se poidan volver dar no futuro.

As alternativas da OMC: “vender a prezos de miseria ou desaparecer”

A secretaria xeral do SLG alertou sobre as ameazas do libre mercado e chamou á loita para oporse a el

Na clausura, a secretaria xeral do SLG, Lidia Senra, adiantou cales ían ser os principais temas de traballo da nova Dirección da Carne. Fíxoo despois de ter unha especial lembranza

cara a Sarria que, xunto a outras bisbarras lucenses, tivo unha grande importancia na loita contra a cota empresarial que comezara no ano 1976. Senra recordou que, aínda que estas

mobilizacións se fixeron en toda Galicia, sería en comarcas como a sarriana onde cumpriu manterse con firmeza ao ter que facer fronte moitas explotacións a embargos de terras.

Á hora de tratar as cuestións directamente relacionadas co congreso, Lidia Senra gabou a intensidade do debate suscitado que, ao seu xuízo, foi “rico e vivo, e puxo de manifesto que nos atopamos diante dun sector dinámico, con perspectivas de futuro e con ganas de traballar”.

E falando de futuro, a secretaria xeral do SLG dixo “a cuestión dos prezos é un elemento fundamental para poder vivir e para poder seguir traballando na nosa profesión”. Por iso, “no Sindicato Labrego xa asumimos que cómpre poñer toda a carne no asador, tanto nas negociacións e propostas á Administración como na loita sindical, para volver colocar a cuestión dos prezos no centro das políticas agrarias”.

Nembargante, esta loita non ha ser doada. De feito, está prohibido chegar a acordos sobre prezos mínimos, polo que será “un reto para o Sindicato Labrego dar a batalla para que muden estas políticas”. Diante

disto, Lidia Senra animou ás persoas que asistiron ao Congreso “a participar activamente en todas as mobilizacións que se van poñer en marcha para conseguir estes cambios na política europea e no plano internacional no que se refire ás negociacións na Organización Mundial do Comercio (OMC)”.

Enlazando co anterior, Senra lembrou a detención do responsábel de relacións internacionais do SLG en Hong Kong no ano 2005, cando estaba a participar nas manifestacións contra a OMC. “De seguro que moitos e moitas de vós”, dixo Senra, “preguntádesvos que facía o noso compañeiro tan lonxe. Pois fora alí porque se estaban a cocer decisións que despois nos poderían ter afectado de maneira determinante en dúas cuestións fundamentais: a dos prezos e a do control das importacións”. Sobre este particular, Lidia Senra explicou que “o que se pretende negociar na OMC é a eliminación de cal-



Cando se c
asfd

quera tipo de protección nas fronteiras para que as grandes empresas que se dedican á compravenda produtos agrarios como a carne de vacún non teñan ningún impedimento para mercar onde lles interesa e vender onde queiran. E aí temos o exemplo da raza Rubia Galega criada no Brasil; os labregos e labregas do Brasil non van saír beneficiados vendendo aquí esa carne a prezos moito máis baixos do que a nós nos costa pro-

ducila. Son grandes explotacións e grandes empresas que se dedican a producir no Brasil con man de obra moito máis barata e utilizando produtos que aquí están prohibidos porque son nocivos para a saúde. Así, teremos que producir a eses prezos de miseria ou desaparecer; e iso decídese na Organización Mundial do Comercio. E, precisamente, a Política Agraria Común estase modificando para favorecer estes acordos”.

Reforma do regulamento de TG para adaptalo á lei

O outro tema tratado na clausura pola secretaria xeral do Sindicato Labrego foi o das eleccións ao consello regulador da IXP Tenreira Galega. “As eleccións están convocadas para o 1 de xullo”, adiantou Senra, “e a nova dirección do sector vai ter que iniciar o traballo para preparar a candidatura para que o SLG siga tendo presenza no consello regulador da IXP. Neste marco, outra liña de traballo será a reforma do regulamento, pois os consellos reguladores que se elixan o 1 de xullo terán a tarefa inmediata de adaptar o regulamento actual á nova Lei de Calidade Agroalimentaria, en vigor dende a lexislatura pasada e que, nos primeiros anos do novo goberno, se foi desenvolvendo”.

Aposta pola produción de calidade fronte aos cebadeiros industriais

En canto á posición na IXP Tenreira Galega, o Sindicato Labrego seguirá a presentarse única e exclusivamente no censo de produtores e produtoras, e seguirá a defender a calidade Suprema dentro da IXP, en clara aposta polas explotacións tradicionais que optaron por un modelo de alimentación natural e extensivo; fronte aos cebadeiros industriais.

Con estas premisas como referencia, o SLG demandará que o 75% dos fondos que xestiona o Consello Regulador da IXP se destinen a promover a calidade Supre-

ma, con campañas específicas nas que fiquen ben diferenciada esta categoría.

Tamén, para que non se volva repetir unha crise como a das vacas tolas, o Sindicato Labrego vai pedir que en Tenreira Galega os pensos para o gando teñan como base os cereais, e que se prohiba o emprego de transxénicos, antibióticos e de calquera tipo de potenciador do crecemento.

En aras de garantir a calidade da nosa carne, o SLG tamén avogara por que se establezan dous tipos de controis, un para animais e

outro para os alimentos do gando, que se identifique debidamente a procedencia da carne, que se fagan máis rigorosas as inspeccións sobre os puntos de venda, e que a empresa que se encarga do control externo informe periodicamente ao Consello Regulador.

Tamén se deberían impulsar medidas que melloren a comercialización dos xatos amparados por Tenreira Galega. No ano 2006, uns 30.000 becerros da IXP foron comercializados fóra dela por acadar mellores prezos. Por iso, debería ter un fun-



O texto final do relatorio do Congreso foi aprobado coa totalidade dos votos a favor, agás unha abstención

cionamento regular a mesa de prezos da IXP con acordos de obrigado cumprimento para todas as partes,

e crearse contratos homologados con prezos mínimos diferenciados para a normal e a Suprema.

Xosé Álvarez Lombardero, responsábel en funcións da Dirección da Carne do Sindicato Labrego

“O SLG aposta pola explotación tradicional e a categoría Suprema en Tenreira Galega”

Tras catro anos á fronte da Dirección da Carne do Sindicato Labrego, e cunha década como vocal no consello regulador da IXP Tenreira Galega ás súas costas, Xosé Álvarez Lombardero é unhas das voces máis autorizadas para falar deste sector na Galiza. Sen dúbida, estamos ás portas dunha nova etapa para a carne de vacún no noso país, coas eleccións á Indicación Xeográfica Protexida a un tiro de pedra, unha conxuntura de mercado favorábel, e novas ameazas como a liberalización na que teima a Organización Mundial do Comercio (OMC).

■ Que valoración faría do congreso?

Positiva en canto a debate e, sobre todo, pola asistencia. Se cadra faltou incidir algo máis nas cuestións sindicais, pero púidose deber a que o sector está nun bo intre en canto a prezos e non sofre grandes problemas agora mesmo.

■ Xusto despois do congreso e coas eleccións a Tenreira Galega aí, é un bo intre para facer memoria dos catro anos que botou á fronte da Dirección da Carne.

A Dirección da Carne foi dinámica e tratou varios temas que eran de interese xeral para este sector produtivo. Unha das cuestións que máis inquedanza creou foi a reforma da PAC, cuestión na que o Sindicato Labrego defendeu que as primas por vacas nutrices seguisen aco- pladas á produción.

Tamén houbo moitos puntos de debate en relación á IXP Tenreira Galega xa que, foi este o único foro de diálogo que existiu en todos estes anos nos que non se formou unha mesa da carne. Desta maneira, tivemos debates tan polémicos como o suscitado pola produción de Rubia Galega do Brasil propiciada pola Asociación de Criadores de Raza Rubia Galega (Acruga), que creou unha grande preocupación no sector; aí, o Sindicato Labrego posicionouse claramente, tanto no eido público como nas reunións do consello regulador, denunciando as nefastas consecuencias que tería para as nosas explotacións que esa carne entrase no noso mercado.

A reforma do regulamento de Tenreira Galega, a cuestión das razas admitidas na IXP, os enfrontamentos entre Acruga e o consello regulador, foron



Xosé Álvarez Lombardero foi o encargado de inaugurar o Congreso de Vacún de Carne do SLG

problemáticas nas que o Sindicato Labrego tamén se tivo que empregar a fondo.

■ Como se presentan as eleccións á IXP?

O SLG sempre foi hexemónico no sector da carne, e as expectativas son boas. Fixemos un traballo coherente coas posicións que

sempre defendemos, e a nosa aposta foi clara pola produción tradicional e a categoría Suprema. De feito, só nos presentamos no censo das explotacións tradicionais. Precisamente, foi o Sindicato Labrego quen insistiu en que se debían realizar campañas promo-

cionais desta categoría, pois hoxe en día case ninguén sabe que existen dúas tipoloxías de Tenreira Galega, nin que a carne que representa a esencia da tradición do noso país é a Suprema. Grazas ao cambio de goberno, foi posible empezar con dúas campañas.

“Asústame unha posíbel liberalización do mercado”

■ Lidia Senra vaticinou tempos de loita pola reforma da PAC e posíbeis acordos de liberalización comercial impulsados dende a OMC. Como lle afectaría isto a Galiza?

A min asústame unha posíbel liberalización do mercado, porque o sector cárnico galego é feble, con explotacións moitas veces complementarias a outras producións e que, dende logo, non poden competir en canto a prezos coas importacións de países como Arxentina ou Brasil. A liberalización suporía a ruína de moitas explotacións. Por iso, é moi importante que a nosa carne siga saíndo ao mercado cun plus de calidade de prestixio recoñecido, para o cal será imprescindible que estea amparada dentro da IXP Tenreira Galega.

“A Indicación Xeográfica Protexida debería amparar o 100% da produción”

■ Cales serán as liñas de traballo do SLG no consello?

Basicamente, continuar coa nosa defensa da produción tradicional. Para iso, seguiremos a traballar para que os controis sexan máis rigorosos e garantan que toda a carne vendida baixo a nosa etiqueta sexa realmente Tenreira Galega; para que haxa transparencia nos matadoiros en canto ás pesadas e á clasificación das canles; e para que haxa máis información de cara aos consumidores e consumidores, sobre todo no punto de venda.

Dende logo, seguiremos a loitar pola Suprema, e non só coa súa promoción, senón tamén con campañas de concienciación dirixidas á xente nas que se faga fincapé na importancia dunha boa alimentación.

Hoxe, a Tenreira Galega está nos grandes centros de consumo do Estado, pero somos conscientes de que traballamos cun produto que é difícil facer chegar a todos os mercados; a carne ten caducidade e un prazo curto de consumo. Polo demais, creo que en Tenreira Galega queda aínda moito traballo de campo por facer, pois o ideal sería que amparase ao 100% dos produtores e produtoras de Galiza; e que traballase coas carnicarías tradicionais, remisas a entrar.

■ Ademais, a nova Lei de Calidade Agroalimentaria obrigará a reformar o regulamento.

Ese vai ser un dos grandes retos en Tenreira Galega. Para o Sindicato Labrego, será importante seguir apostando pola liña que sempre de-

fendemos. De seguro que o tema das razas vai ser conflitivo e complexo de resolver, sobre todo por todos os anos de desidia da Administración Fraga, que deixou entrar todo tipo de razas e cruces na nosa cabana gandeira, sen decatarse que tiñamos a mellor raza de vacún para carne do mundo nin de que esta necesitaba un traballo para adaptala ás distintas bisbarras do país. En troques diso, orientouse a Rubia Galega para facer dela unha raza de escaparate e concursos feirais.

Por outra banda, haberá que incidir nas categorías da IXP e, en especial, na Suprema. No SLG temos claro que todos os becerros das explotacións tradicionais da Galiza deben ser Suprema.

Editorial

Novos tempos para os consellos reguladores

O vindeiro día 1 de xullo están convocadas as eleccións para renovar os consellos reguladores do viño, Pataca de Galiza e Tenreira Galega. O resto de consellos renovaranse a finais de ano. Estes procesos teñen unha relevancia especial con respecto a anteriores convocatorias, xa que non só nos xogamos a presenza do Sindicato Labrego Galego nestes sectores, senón que teremos a responsabilidade de participar na renovación dos consellos reguladores baixo unhas novas regras.

A aplicación da Lei de Calidade Agroalimentaria obriga a que se constitúan os vindeiros consellos reguladores con cambios importantes que eliminarán o presidencialismo burocrático que había até agora; grazas a este cambio, os propios sectores asumirán os debates e xestións, xa que os plenos dos consellos terán máis competencias. Ademais, será obrigatorio elaborar novos regulamentos para as denominacións de calidade.

Cuestións como a certificación e controis públicos dos produtos amparados; os métodos de produción e elaboración máis sostíbeis na procura de calidade auténtica; ou a discusión das políticas de promoción nos nosos mercados, van poder ser discutidas polas persoas que se elixan como vocais. Ata agora, cos regulamentos aínda vixentes e as competencias concentradas nos presidentes e presidentas, isto era moi difícil, xa que as anteriores leis foran creadas antes da democracia.

O Sindicato Labrego Galego quere centrar estes procesos de anovamento dos consellos reguladores atendendo ás demandas e propostas dos labregos e das

labregas inscrit@s nas denominacións establecidas. Por iso, o Sindicato Labrego demanda uns procesos abertos onde a discusión de ideas prime sobre a contenda electoral, de maneira que se poida dar resposta aos retos que van ter que afrontar estes novos consellos reguladores.

O Sindicato Labrego Galego propiciará a inclusión de mulleres nos próximos plenos dos consellos, até o de agora case inexistente. Ademais, o Sindicato Labrego propondrá para a escolla d@s próxim@s presidentes e presidentas baixo criterios de transparencia e estrita conveniencia profesional, co obxectivo de acadar novas maneiras para o asentamento das nosas producións e calidades nos mercados coa mellor garantía.



A ALTERNATIVA DE FUTURO

Eu Quéro 



Ternera Gallega é unha alternativa real de futuro, porque é unha carne de vacún recoñecida na Unión Europea e apreciada polos consumidores.

No Consello Regulador, queremos contar con todos os gandeiros que co seu traballo diario e bo facer lle dan prestixio á nosa carne.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

CONSELLO REGULADOR DA
I.X.P. TERNERA GALLEGA
Recinto Feiral. Amio. Santiago
Tel.: 981 575 786 • Fax: 981 574 895
consejo@terneragallega.com
www.terneragallega.com



Os sindicatos agrarios comezan as mobilizacións contra a baixada do leite

Consistiron nunha agresiva campaña informativa nas cidades de Compostela, Lugo, Vigo e A Coruña

O Sindicato Labrego e as outras dúas organizacións agrarias con presenza na Galiza uníronse para denunciar a baixada no prezo do leite que pretenden levar a cabo o meirande das in-

dustrias. Así, un cento de gandeiros e gandeiras concentráronse, o 17 de abril, na compostelá Alameda, para informar á cidadanía dos prezos miserables que se cobran nas explotacións

en contraste coa constante alza do valor dos cartóns nas tendas. As mobilizacións continuaron na Praza de Abastos de Lugo o 24 de abril; e en Vigo e A Coruña os días 3 e 8 de maio.


A pancarta das concentracións aludía aos contrastes entre os baixos prezos que se cobran en orixe polo leite e a inflación continuada dos produtos leiteiros nas tendas. Mentres que a xente de a pé mercaba, hai doce anos, un litro de leite por 0'45 euros, hoxe paga trinta céntimos máis, é dicir, 0'75 euros. Pero non acontece así en orixe, onde o leite se paga a un prezo medio hoxe igual ca en 1995: 30 céntimos.

As concentracións estiveron animadas por un rabaño de media ducia de frisonas de madeira. Tamén elas traían a súa mensaxe: "Industria paga xusto ou vas levar un susto". Amais dos slogans desta peculiar cabana gandeira, repartíronse miles de panfletos entre a xente viandante para informar das perdas económicas que suporá para o sector produtor a baixada dun céntimo no prezo do leite en abril, que se estiman en 183 millóns de euros.

Durante a súa intervención ante os medios de comunicación, o responsábel dos sectores gandeiros do SLG, Xabier Gómez Santiso, explicou que "non hai unha situación que xustifique esta baixada por parte do meirande da industria, coa excepción das empresas que, de xeito valente, dixeron que non había razóns de mercado para impoñer unha nova caída no valor do leite e que, polo tanto, non ían baixar".

Para Santiso, a baixada dos prezos está a provocar "precariedade" no sector. "Nós non queremos rendas precarias" afirmou o sindicalista, que proseguíu manifestando que "Queremos rendas dignas por-

que, senón, o que lle queda ao meirande das explotacións leiteiras é botar o peche ou ir abandonando pouco a pouco. E nós non nos conformamos con ir a menos, senón que temos intención de ir a máis. Queremos que Galiza siga mantendo o seu status de gran produtora especializada de leite, queremos seguir insistindo nese camiño, e queremos que a industria nolo permita. E a única maneira que ten a industria de permitírnolo é pagándonos o leite a un prezo xusto que cubra os custes produtivos e xere unhas rendas decentes". Respecto disto último, Santiso denunciou que "ás explotacións leiteiras aumentáronnos moito os custes de produción coa suba dos pensos e dos cereais nos últimos tempos, polo que necesitamos mellores prezos para ter unhas rendas dignas".



De arriba cara a abaixo, e de esquerda a dereita: dous planos de detalle da manifestación de Compostela, afiliados e afiliadas do Sindicato Labrego Galego, e reparto de panfletos informativos na Praza de Abastos de Lugo

O SLG crea un grupo de traballo para impulsar os sectores ovino e cabrún

A formación desta equipa acordouse nunha xuntanza de produtores e produtoras celebrada o 14 de abril

Produtores e produtoras de ovino e cabrún de distintas comarcas de Galiza achegáronse ata a vila de Lalín, o pasado 14 de abril, para debater sobre a actual situación deste sector pe-

cuario na Galiza e, de paso, aprobar unha táboa reivindicativa de cara a darlle solución a algúns das principais problemáticas que padece este eido da nosa gandería. A esta xuntanza, con-

vocada polo Sindicato Labrego Galego, asistiron, entre outras persoas, a secretaria xeral, Lidia Senra; e o responsable dos sectores gandeiros, Xabier Gómez Santiso.

O miolo do encontro estivo no debate e reflexións en torno a un documento no que se articulaban as demandas que o Sindicato Labrego Galego lle quere achegar á Administración de cara a dinamizar este sector gandeiro no noso país.

Unha delas sería o impulso e dinamización de proxectos silvopastoris en montes comunais para que a cabana ovina e cabrúa galega recupere os pastos tradicionais que lle foron roubados polo monocultivo de eucalipto.

No aspecto sanitario, as accións a levar son varias, como o control e erradicación de enfermidades específicas tales como a *Mae-di Visna* e a *Paratuberculose*; ou a eliminación do certificado veterinario para o envío de animais ao matadoiro, por ser ineficaz e custoso para a Xunta; e molesto á hora de tramitalo para as explotacións.

Un dos puntos no que se falou moito, en base á experiencia da xente que asistiu á reunión, foi o de demandar mecanismos de identificación menos lesivos para a saúde dos animais e menos custosos para os gandeiros e gandeiras.

Entre os que se utilizan actualmente, o bolo está a provocar danos, e mesmo mortes, nas reses, xa que se debe introducir no estómago por vía oral e o seu tamaño -semellante a un cartucho de caza- é excesivo para determinadas razas, entre as que se atopan a ovella galega.

Outra das queixas expresadas foi a perda frecuente e con excesiva facilidade dos crotais, ao estar mal deseñados, pois son moi aparatosos e prenden nas silveiras e arbustos de cotío cando o gando foza neles; isto ocasiona gastos



O grupo de traballo de ovino e cabrún reunírase en posteriores encontros para seguir traballando polas demandas do sector

considerábeis de reposición para os gandeiros e gandeiras e abondosos benefi-

cios para as empresas que os poñen. Segundo se comentou no encontro, os pen-

des de identificación que se utilizaban antigamente non se perdían nunca e só se

reponían, ás veces, por desgaste ao cabo de usalos durante moitos anos.

Recollida de cadáveres animais nas explotacións pública e gratuíta

Entre as reivindicacións do Sindicato Labrego, tamén estaba a recollida pública e gratuíta de cadáveres. Actualmente, á Administración sálle máis caro pagar o seguro de Enesa para esta fin que realizar a ela mesma o servizo. Cunha recollida pública e gratuíta mellorárase en calidade a recollida e abarataríanse custes.

En estreita relación con isto, falouse do problema dos danos que ocasiona a fauna salvaxe, e de casos non contemplados pola lei como a morte de anos acabados de nacer por ataque de corvos. A recollida e eliminación obrigatoria de cadáveres impide que un bo elenco de fauna salvaxe carnívora e preeira fiquen sen unha parte fundamental da súa alimentación, que eran os animais

domésticos mortos que se abandonaban no monte. Isto, a parte de ser un problema ecolóxico considerábel, obriga á fauna salvaxe -como os lobos ou os corvos- a atacar os rabaños para alimentarse. Neste senso, comentáronse dous exemplos antitéticos: o caso aragonés, con recollida pública e gratuíta de cadáveres, de grande eficacia pero que provoca os problemas devanditos na cadea alimentaria; ou o caso extremeño, onde os cadáveres se abandonan no monte, de maneira controlada e en espazos creados para esta fin, coa intención de alimentar a esta fauna.

Amáis de reivindicar un modelo de xestión pública de recollida de cadáveres que contemple os problemas devanditos, na xuntanza falouse de que as axudas



A xuntanza durou toda unha mañá, e serviu para que afiliados e afiliadas do sector fixesen as súas propostas

pola fauna salvaxe deben ser consideradas como indemnizacións, e cubrir o lucro cesante amais dos danos. Ademais, o Sindicato Labrego pedirá que as organizacións agrarias estean presentes nas comisións técnicas avaliadoras e que se corrixa as ordes pertinentes para incluír os ataques de animais que ata o de agora non se consideraron, como o xa comentado dos corvos.

Unha axuda para aliñar a recollida de cadá-

veres podería ser, e así llo proporá o SLG á Xunta, a creación dun programa de retirada de animais de desvelle que, amais de reducir a mortalidade na propia explotación, sirva como complemento á renda de gandeiros e gandeiras.

Finalmente, acordouse demandar a creación dun marco estábel de diálogo e relacións interprofesionais, tal e como acontece noutros sectores como o vacún de carne e de leite, a pataca ou o viño.

A afiliación do SLG viaxa a Francia para coñecer a avicultura extensiva

A experiencia formativa complementa un curso impartido na bisbarra de Tabeirós-Terra de Montes e Deza

Tras realizar, durante o primeiro trimestre do ano, un curso sobre avicultura extensiva, o Sindicato Labrego da comarca do Deza e Tabeirós organizou unha viaxe formativa a Francia

para coñecer un xeito alternativo de producir aves ao modelo intensivo imperante. As explotacións visitadas demostraron que se poden ter grandes producións respectando o medio am-

biente, alimentando de xeito natural ás aves e creando sólidas estruturas económicas e sociais no medio rural. Velaí a crónica desta xente viaxeira do Sindicato Labrego Galego.

A primeira parada da viaxe foi o 2 de abril e serviu para visitar varias explotacións do País Vasco-Francés. A xuízo da persoa que viaxaron, destacou o caso do avicultor Christian Aguerre. A súa explotación forma parte dun grupo de interese económico xunto a outras oito granxas multifuncionais e de carácter familiar que fan venda directa. Teñen 200 clientes aos que lles reparten semanalmente hortalizas; e carne de vacún, de porcino, e de polo. A explotación de Aguerre ten 12 hectáreas, das que catro están destinadas á produción de polos en extensivo e de ovos con galiñas en réxime de posta en liberdade; unha hectárea está destinada á produción de pementa picante da denominación de orixe "Piment d'Espelette"; e as seis hectáreas restantes eran de monte e utilízaas para criar cochos en extensivo da raza porc basque.



Galiñas ceibes e alimentadas de xeito natural como alternativa viábel á avicultura intensiva

A afiliación do Sindicato Labrego que participou na viaxe, manifestou moito interese nesta maneira de producir, no manexo e, sobre todo, no xeito de comercializar

os produtos. En canto ao modelo de certificación, é privado e agrupa a 180 explotacións do País Vasco-Francés de maneira cooperativa baixo o nome de Idoki.

Nesa mesma xornada, tamén se visitaron explotacións de ovino para leite e se fixeron contactos con produtores e produtoras de cereixas.

Tractores comunitarios e materiais de segunda man

Outra explotación visitada foi a de Marie Odile Tarzia, no concello de Campagne. Marie tiña máis de 90 hectáreas nas que sementaba millo para alimentar aos seus polos. A súa granxa leva funcionando dende 1996, ano no que fixo a transición de intensivo a extensivo sen deter a produción. A maior parte do seu material, como os silos, é de segunda man. Os tractores ténonos en común con outras labregas e labregos. Nesta explotación, amais de Marie, traballan seu home e seu irmán. Parte dos terreos nos que teñen os polos son da súa propiedade, pero outros están alugados. As cabanas dos polos foron mercadas hai dez anos, eran pregábeis e desprázábanse con tractor.

Claves da economía local: redución de custes e pouco endebedamento

A segunda xornada, a do 3 de abril, comezou cunha visita a outra explotación, neste caso a de Thierry Berbille, na vila de Leluque, nas Landas. A explotación de Thierry tiña 150 hectáreas dedicadas á produción de millo para alimentar a unha cabana de 10.000 polos criados en extensivo en montes alugados á veciñanza. Esta explotación ten catro ATPs e forma parte da cooperativa Maïsadour, na que participan 450 avicultores en extensivo. Ademais, esta cooperativa dedícase tamén á produción de millo, porcino e vacún.

Asemade, Maïsadour ten o 40% das accións da empresa que se dedica á matanza e comercialización dos polos, Les fermiers landais (Os granxeiros das Landas). No transcurso da visita, Thierry Berbille amosoulle á xente do Deza e Tabeirós as instalacións da súa explotación, moi sinxelas e coa maquinaria moi coidada para evitar o endebedamento da explotación; por exemplo, a colleitadora que utilizaba tiña máis de trinta anos. Logo de ver as instalacións nas que se procesaba o millo -con silos propios, muíños e transporte para levarlo ás aves-, o alumna-

do do curso subiu ata o monte, onde tiñan catro granxas en catro grupos de naves, e puideron ver dúas delas: a dos poliños e a dos polos antes de ser sacrificados. Thierry comentou que, no inverno, teñen pechados aos pitos até as seis semanas antes de irse para o monte, e no verán catro semanas. A base de alimentación é forraxe producida na propia explotación; a parte, danlles tamén proteína que adquiren mercando soia na cooperativa Maïsadour; un apuntamento importante é que non permiten que os cereais sexan transxénicos.

A visita do monte foi,



quizais, o que máis chamou a atención. Á xente sorprendelle gratamente que os polos estivesen ceibos, sen ningún tipo de peche, pois nunca se afastan do seu poleiro máis de 300 metros.

A baixísima porcentaxe de mortalidade que teñen por aves de rapina e por animais de dúas e catro patas, e a simplicidade e a

economía das instalacións foi outro dos aspectos máis destacados.

En Francia, adoitan a reciclar e aproveitar todo. Unha das claves da economía das explotacións está, en primeiro lugar, en reducir custes e, sobre todo, en minimizar o que se gasta en amortización como garantía de futuro.

Alarma ante o posíbel impacto negativo da planta de lixo de Carballeda

O Sindicato Labrego mantivo, o 25 de abril, un encontro do delegado provincial de Vivenda en Ourense, Antonio Espinosa Suanzes, para tratar os pormenores da instalación dunha industria de reciclaxe e tratamento de refugallo prevista en Carballeda de Avia e xestionada polas consellarías de Vivenda e Medio Ambiente. Por parte do Sindicato Labrego, acudiron o seu responsábel de sectores agrarios e coordinador en Ourense, Xosé Manuel González Vilas, e o viticultor Xurxo Álvarez, quen lle expresaron a Suanzes a preocupación que existe no sector vitivinícola polas consecuencias negativas que esta actuación podería traer.

Para o SLG, o tratamento de refugallo e a reciclaxe son funcións necesarias na nosa sociedade. Así e todo, é necesario que as instalacións deste tipo teñan en conta as limitacións necesarias de distancia e poboación incluídas no seu radio de acción. Así mesmo, o Sindicato Labrego aposta pola valorización agroturística da comarca do Ribeiro, polo que lle demandou á Consellaría de Vivenda que se consideren exhaustivamente todas as alternativas do proxecto de Carballeda evitando, en todo caso, técnicas das que se teñen serias dúbidas sobre os seus impactos (contaminación de augas, cheiros e impactos visuais).

O SLG recorre contra as concesións mineiras a Erimsa na Terra Chá

A empresa non pode obter licenza ao non existir ningún plan sectorial de actividades extractivas

O Sindicato Labrego Galego e un gandeiro de Goá, Xosé Luís Cendán Río, presentaron en abril recursos de revisión contra a resolución de 14 de setembro de 2006 de tres concesións mineiras na Terra Chá, por entender

que se debe declarar nulo o procedemento. Desta maneira, as equipas xurídicas do Sindicato Labrego achegan novos argumentos contra Erimsa que se sumarán ao recurso presentado por Adegas e varios colectivos.

Segundo a Lei de ordenación urbanística e protección do medio rural (LOUPMR) "a implantación de novas explotacións e actividades extractivas en calquera categoría de solo rústico especialmente protexido non poderá realizarse en tanto non sexa aprobado definitivamente o correspondente plan sectorial de actividades extractivas".

Acontece que a maioría dos terreos afectados polo proxecto mineiro de Erimsa na Terra Chá nos concellos de Castro de Rei, Cospeito, Vilalba, A Pastoriza, Riotorto e Abadín, son clasificábeis como solo rústico especialmente protexido (subcategoría de protección agropecuaria). E iso á marxe da existencia ou non de planeamento municipal, pois a LOUPMR é, neste ámbito, de directa aplicación e plenamente vinculante.

Estamos a falar de concellos que están situados nunha das comarcas con maior produción agraria e gandeira de Galiza, con amplas zonas de cultivo e pastoreo, con moitas hectáreas de concentracións parcelarias xa rematadas ou en proceso, con montes



O gandeiro de Goá, Xosé Luís Cendán Río, presentou tamén un recurso contra as concesións mineiras a Erimsa

comunais, instalacións de regadío, etcétera.

En definitiva, de ir para adiante o proxecto de Erimsa estaría a permitir a implantación en solo rústico especialmente protexido dunha actividade mineira sen que se teña feito o preceptivo plan sectorial de actividades extractivas.

A lexislación de minas é moi antiga. A Lei é do ano 1973, e o regulamento de 1978 (ambos preconstitu-

cionais). Evidentemente, nesta lexislación non se fai referencia a aspectos fundamentais como a avaliación do impacto ambiental pero, aínda que non se contemplan no regulamento mineiro, as leis de protección do medio ambiente son de obrigada aplicación. Pois ben, do mesmo xeito, aínda que non sexa mencionada a necesidade do plan sectorial na lexislación sobre minas, iso non exime a Erimsa de

que estea obrigada a cumprir o mandato da normativa urbanística antes de que lle sexa autorizada a concesión e, daquela, se lle permita a implantación da explotación, do mesmo xeito que acontece no caso do trámite medioambiental.

Para o Sindicato Labrego Galego, este recurso, xunto co que xa se presentou encabezado pola Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (Adegas) e apoiado por varias asociacións entre as que se incluía o propio SLG, dá argumentos técnico-xurídicos para atallar e evitar o atropelo que as concesións mineiras de Erimsa suporían para toda a Terra Chá -e especialmente para o seu sector agropecuario- de seguiren adiante.

Ao mesmo tempo que o Sindicato Labrego presentou estes recursos, tamén enviou escritos a todos os concellos afectados e á Dirección Xeral de Urbanismo para preguntar se a empresa Erimsa ten solicitado licenza urbanística, e advertíndolles da ilegalidade que suporía a concesión da devandita licenza na situación actual.

Medio Rural valida as terras queimadas para o pagamento único grazas ao SLG

O 22 de agosto de 2006, unha comisión de gandeiros afectados polos lumes na Zona Cero (Ponte Caldelas, Cotobade, A Lama e Fornelos de Montes), acompañados polo responsábel do SLG en Pontevedra, Mariano Lema, reuníronse co delegado provincial de Medio Rural, Gonzalo Constenla, para transmitirle o problema de que moitas explotacións tocadas polo lume non ían

poder declarar as hectáreas arrasadas á hora de solicitar as axudas da Política Agraria Común (PAC). Ese día, o SLG pedíalle Constenla que se fixesen as xestións necesarias para evitar que estas explotacións sufrisen máis perdas por ver reducidas as axudas agrarias ás que tiñan dereito.

Agora, grazas ás xestións do Sindicato Labrego, Medio Rural solucionou o

problema. Os criterios para tramitar as primas da PAC por parte das explotacións afectadas polo lume serán os seguintes:

■ Para evitar a picaresca, as terras que na actualidade figuran no SIXPAC como de uso forestal, en ningún caso serán admitidas como pasto permanente na PAC 2007; ademais, denegarase calquera solicitude de modificación na clasificación para

evitar que haxa xente que prenda lume ao monte para convertelo en pradería.

■ As terras que, na actualidade, figuran no SIXPAC como pasto con arborado, pasto arbustivo e pasteiros, poderán ser declarados como pasto na campaña 2007, realizando accións positivas de mantemento, conservación e recuperación para evitar a perda de solo agrario; desta maneira,

cumpríranse os requisitos medioambientais (ecocondicionalidade) esixidos pola Unión Europea.

Diante disto, o Sindicato Labrego fixo un chamamento para que todas as explotacións afectadas polo lume que aínda non solicitaran as primas do pago único teñan en conta o devandito, e para que aquelas que xa tramitaron a solicitude a retiren para revisala.

Os beneficios socioeconómicos da pequena produción agraria

Por **Xabier Simón**, profesor titular de Economía Aplicada na Universidade de Vigo



Para min todo é unha cuestión política. Da política veñen os nosos problemas, en xeral; e na política, coa participación dos produtores e produtoras e da cidadanía, imos atopar parte das solucións. Sobre todo, se os problemas aos que nos enfrontamos son os das pequenas explotacións que, habitualmente, están peor organizadas e teñen menor capacidade de presión e de supervivencia. Unha pequena explotación ten moitas dificultades para sobrevivir por si mesma fronte a unha grande explotación. Por iso, estou convencido de que da política na política podemos atopar parte das nosas solucións.

Hoxe estamos nun contexto moito mellor có que tiñamos hai catro anos, e xa non digamos se pensamos en hai quince. Dígoo explicitamente: dende o meu punto de vista, na actual conxuntura política na que se atopa Galiza, é posíbel traballar para construír un modelo agrario diferente porque temos uns interlocutores que van ser moito máis sensíbeis do que o foron os seus predecesores. Non estou gabando por gabar; estou recoñecendo un feito. Ademais, no ámbito político en relación coa agricultura e o medio rural, seguimos a ser pobres no contexto europeo (temos menos do 75% da renda media) e, polo tanto, até o 2013, perderá un marco comunitario que nos vai permitir, en menor contía da que tivemos anteriormente, que o rural galego dispoña duns créditos e duns cartos que, no caso de que foramos ricos, non teríamos.

Así, estanse a dar unhas oportunidades que non se daban antes, e debemos ser intelixentes para podelas aproveitar, para que esas incompatibilidades entre pequen@s produtores/as e outro modelo agrario ser resolvan de maneira positiva para que o mundo rural mellore e se transforme. Creo que non debemos mirarnos de máis ao embigo. En Galiza, temos problemas agrarios en moitos sectores, pero nun contexto mundial e global como no que vivimos, é evidente que hai estruturas agrarias e campesiños e campesiñas que o están a pasar moito peor ca nós.

Nunha perspectiva global, a nosa situación é relativamente boa, ou relativamente mala, dependendo con quen nos comparemos. Pero, en calquera caso, o que si temos é unha oportunidade importante para transformarmos esa realidade. E eu creo que o Sindicato Labrego, nos distintos ámbitos nos que traballa, está a desenvolver un labor importante para axudar a transformar sectores clave dentro da agricultura galega. E iso é importante.

Con estas palabras, tampouco quero dicir que estea todo feito. Hai moito que darlle á cabeciña, moito que pensar, moito que dialogar e moito ao que comprometerse. Pero estamos nunha situación na que a agricultura galega se pode transformar positivamente. En calquera caso, debemos ser optimistas, pero manter o noso compromiso como produtores e produtoras, como sindicalistas, como cidadáns, para transformar o noso país, o noso medio rural e o noso sistema de alimentación. Porque cando falamos de agricultura, estamos a falar de como nos alimentamos; e iso impórtanos aos que estamos aquí, pero impórtalle, en xeral, ao conxunto da sociedade. Eu creo que ese é un ámbito para medrar.

Tras esta introdución, agora compartirei con vós algunhas ideas que teño sobre as pequenas explotacións. O primeiro que debemos preguntarnos, é qué entendemos por pequena explotación. O Sindicato Labrego ten, respecto das pequenas explotacións, unha perspectiva que é discutíbel pois, dende o meu punto de vista, non está suficientemente madura. Creo que debemos introducir elementos adicionais para definir o que é a pequena produción. En calquera caso, a pequena produción é un estilo de facer agricultura distinto ao da grande explotación capitalista.

En principio, trátase dunha agricultura a pequena escala; e iso de pequena escala é relativo, pois para nós poden ser dúas ou cinco hectáreas, mentres que noutras zonas xeográficas isto non é así. Daquela, unha explotación que teña mil hectáreas, ¿xa non podemos encadrala como pequena? Eu, por exemplo, coñezo unha explotación en Viana do Bolo de gandería extensiva que manexa mil hectáreas, cun rabaño de cen cabezas cunha soa persoa traballando a tempo completo. ¿Esta é unha pequena explotación, ou non? Por iso, creo que a superficie non pode ser un límite á hora de definir se unha explotación é pequena ou non.

En segundo lugar, o traballo familiar é un factor clave neste estilo de facer agricultura, na que o traballo asalariado é algo residual. Pero no noso país, hai explotacións de leite moi dimensionadas, cunha produción duns 400.000 litros, que seguen un modelo convencional, pero na que traballan só membros da unidade familiar. ¿Este tipo de explotación está dentro das que denominamos pequenas ou non? Dende o meu punto de vista, isto é algo discutíbel.

Outra característica coa que

podemos identificar ás pequenas explotacións é a do policultivo. Nunha pequena explotación, as estratexias diversificadas deben predominar sobre o monocultivo. Por iso, hai que darlle valor á estratexia produtiva que desenvolve a explotación, pois para que a definamos como pequena non depende só do tamaño ou da unidade familiar como traballadora na mesma. A diversificación tamén é importante.

O seguinte elemento definitorio dunha pequena explotación, en relación coas estratexias de policultivo, é que os insumos internos que poida producir a propia explotación son fundamentais para a reprodución. Así, unha das estratexias para as pequenas explotacións consiste en reducir ao máximo o que temos que mercar fóra da explotación para o desenvolvemento da actividade agraria. E isto é posíbel. Podemos definir unha estratexia na que substituíamos insumos alleos por outros producidos por nós; ou que, simplemente, os aforremos. Un bo exemplo disto é o control de pragas a través da asociación de cultivos, unha solución tecnolóxica que ten un beneficio ambiental, pois imos utilizar menos agrotóxicos; e ten un beneficio económico e social, porque vai impedir que se gaste parte da renda da explotación.

Ademais, se falamos de pequena explotación, temos que pensar en mercados locais. O que está claro, é que unha pequena explotación, por si mesma, non ten capacidade para dedicarse ao negocio exportador, a non ser que se asocie con outras pequenas explotacións. Dende unha perspectiva máis ampla, as pequenas explotacións, en plural, deberían tratar de destinar, por razóns evidentes que comentarei máis adiante, os seus produtos aos mercados locais.

A pequena produción agraria ten, ademais, dúas características máis que habería que subliñar:

Unha, que está asociada cunha distribución equitativa da terra, pois o contrario dunha agricultura familiar sería unha proletarización da forza de traballo rural para traballar ao servizo dos que posúen a terra.

Finalmente, e xa para rematar, a segunda característica que manteñen moitos economistas e enxeñeiros agrónomos, e é que as pequenas explotacións agrarias non son lucrativas porque o seu rendemento é baixo. Para manter isto, baséanse en datos como que o rendemento dunha explotación grande é 2'5 veces superior ao dunha pequena. Pero isto só é certo se medimos por produto. É dicir, se comparamos o rendemento por hectárea de

millo producido nunha grande explotación que traballa este cereal en réxime de monocultivo; co millo producido en asociación con outros cultivos, entón o rendemento é superior no primeiro caso. Pero o rendemento non se debe medir así, porque a pequena explotación, ao ter unha estratexia diversificada, obtén un conxunto diversificado de produtos. Polo tanto, a relación temos que establecela entre a produción total -é dicir, non só dun produto- e a superficie. E aí gaña a pequena explotación, pois hai cifras e estudos que demostran que, conforme aumenta o tamaño da explotación, redúcese a produción total por hectárea.

Este conxunto de características conforman o que eu entendo por pequena explotación e, se cadra, non coincide co concepto que vós tedes na cabeza. Eu loitaría por este modelo de pequena agricultura, por que existen este tipo de explotacións. Dende logo, é algo que hai que debater, cómpre engadirlle elementos, reflexionar sobre a cuestión política, etcétera.

Eu estou a falar de pequena explotación agraria, pero hai moitas maneiras de nomear este modelo produtivo: pequena produción agraria, pequena produción familiar, agricultura a pequena escala (o *small scale farmer* do que falan os ingleses), agricultura campesiña, ou agricultura de baixos insumos. Sen dúbida, hai matizacións e diferenzas entre estes termos. Por exemplo, agricultura campesiña refírese, historicamente, a un aspecto específico que eu vou recuperar aquí.

En calquera caso, sobre estes tipos de agricultura houbo prognósticos varios ao longo dos últimos cen anos que tiveron en común o vaticinio de que ían desaparecer. Cómpre saber que estes prognósticos procederon de distintas correntes políticas como, por exemplo, o marxismo. Moitas correntes marxistas predixeron a desaparición da pequena explotación agraria porque era un obstáculo á transformación revolucionaria do sistema sociopolítico. Pero tamén os neoliberais, con moita máis contundencia nos últimos anos, sobre todo coa globalización da economía e co traballo de determinadas organizacións internacionais en países que denominan en desenvolvemento pero que, en realidade, están subdesenvolvidos. Os neoliberais están tratando de transformar as agriculturas do terceiro mundo coa intención de convertelas ao modelo agrario industrializado que nos colonizou, e que segue querendo colonizarnos. En xeral, estou a falar dos que eu denomino intelectuais do formigón.

Esta é unha expresión miña que se refire a esa xente que hai en todas as disciplinas científicas que é de mentalidade urbana, xente incapaz de ver máis alá dos edificios, que non coñece o medio rural, xente para a que o agro é ese sitio polo que pasa de cando en vez a comer unha paparotada. Tamén lles poderíamos chamar desertores do sacho, expresión esta que non é miña, senón de Castelao. O rianxeiro xa falaba dos desertores do sacho para referirse a aqueles técnicos que disertaban e opinaban sobre o mundo rural galego, no primeiro terzo do século XX, sen saberen de que falaban; e renegando, ademais, da súa orixe agraria, pois todos eles saíran da agricultura para non regresar e para desprezar ese modo de vida.

Esta xente agardaba a desaparición da pequena agricultura por diversas razóns, pero, sobre todo, porque o desenvolvemento capitalista ía engulir a pequena produción ao ser moito máis produtivo e, ademais, porque coa aplicación dos coñecementos científicos e dos procesos de organización do traballo que xa se utilizaban na industria, íamos ser quen de crear grandes explotacións agrarias e gandeiras que producisen becerros ou patacas do mesmo xeito que se producen envases de PVC, todos igualiños e do mesmo tamaño. Esa era a idea. Non é un sarcasmo o que estou a dicir; esa era a realidade. Non sabían que é completamente imposible vencer á nai natureza e, a pesares do desenvolvemento tecnolóxico, as vacas seguen a necesitar nove meses para poder parir, e uns becerros saen dun xeito, e outros doutro.

Non era posíbel transformar dende o capitalismo, e coa mentalidade da industria, o mundo rural; pero estes intelectuais do formigón agardaban que si, e por iso prognosticaban que a pequena produción ía desaparecer completamente. Ademais, para eles as pequenas explotacións eran un atranco para o progreso. Non temos que ir moi atrás para ver estes argumentos; teño aquí unha cita que data dos anos setenta (aquí, a modernización da agricultura produciuse dun xeito repentino e serodio. Mentres que en Europa e no norte de América, a agricultura sufriu un proceso de transformación acelerado trala Segunda Guerra Mundial, na Galiza, até mediados dos setenta, non se deu de forma explosiva esa transformación). ¿Que lle dicían estes intelectuais do formigón aos labregos e ás labregas? Cuestionábanlle o feito de teren vacas, ovellas, millo, cereais, horta, etcétera. Iso non valía. Hai trinta anos mantiñan que, se querían progresar, cumpría transformarse e aniquilar ese tipo de explotación agraria. Teño aquí unha cita, con nomes e apelidos, que expresa moi ben isto. A cita data do ano 1978, e está asinada por Prada e López, autores do libro "A outra economía galega". Isto era o que dicían, falando da necesidade de que desaparecese a pequena produción campesiña: "O pequeno propietario, para se manter, traballa dun xeito inhumano todo o día e condena ó traballo a toda a súa familia". Nesta pequena ex-

plotación, "cativa, anacrónica e rutinaria", onde o propietario "traballa como unha besta" obtense un beneficio consistente en que "os estómagos están baleiros". Estas deficiencias económicas sitúan ós autores como "contrarios ó escurantismo que reina no noso campo, foco de atraso social, pobreza económica e reacción política; porque consideramos negativa a ideoloxía do pequeno produtor, o seu fatalismo conformista, a súa dificultade para organizarse". (Prada e López, 1978. paxs. 82 e ss.)

Dous anos despois, en 1980, un compañeiro meu que, actualmente, é Catedrático de Economía Aplicada na Universidade de Vigo, escribiu que "a pequena agricultura resiste". É dicir, non todo o mundo era da opinión de Prada e López. Houbo correntes, como o estruturalismo compostelán, con Beiras e Suevos, que na década dos setenta fixeron análises moi afastadas da perspectiva dos intelectuais do formigón; pero foi esta última a tese que triunfou, a que consideraba que aos campesiños e campesiñas había que aniquilar@.

Pero esta posición non procede só do ámbito académico; tamén a houbo no ámbito político. As políticas agrarias que se puxeron en marcha, nestes últimos anos, tiñan como principal obxectivo a redución do emprego. Eu son oínte da Radio Galega dende hai moitos anos, e lembro un dos fala-

doiros da mañá no que comentaron os datos dun informe referente ao descenso de activos na agricultura galega. Un dos participantes, tamén economista, dicía dúas cousas: unha era que aquí, a vida económica non se transformou do mesmo xeito ca noutros países que partían dunha situación semellante á nosa, como Irlanda, e a explicación a este fenómeno era que alí falaban en inglés. Esa era a razón pola que Irlanda progresara, segundo este analista. Eu fiquei pasmado de que tal cousa dixeran. Pero dixo algo máis. Este comentarista afirmou que o feito de que se perdesen 500.000 postos de traballo dende a década dos oitenta era resultado da política agraria. E, se o pensades ben, ese medio millón de empregos eliminados non foi o resultado do fracaso da política agraria, senón o seu éxito, porque a política agraria buscaba iso. Iso foi algo definido, marcado e buscado.

Malia todos eses factores, a pequena agricultura non desapareceu. Pero non estou tratando de idealizar a situación. @s pequen@s agricultores e agricultoras son pobres, en termos relativos. Son pobres porque a dinámica do mercado capitalista non conseguiu vencelos, pero marxínounos completamente. Resistiron aquí, e resistiron noutras moitas zonas do planeta. Por outra banda, a pequena produción non

está afastada do resto do mundo. Participa, merca e vende co resto do mundo e, nesa relación agraria e comercial, a pequena agricultura sae perdendo. As pequenas explotacións saen perdendo moito máis nas canles convencionais de comercialización do que perden as grandes. E o que fan ao perder máis é transferir recursos a esas grandes explotacións, a intermediarios ou, mesmo, aos consumidores.

Como dicía antes, a pequena explotación non existe só en Galiza. Segundo a FAO, hai 3.000 millóns de labregos e labregas no mundo. 3.000 millóns de pequen@s produtores e produtoras que son responsábeis da alimentación, e en moitos casos da subalimentación, dunha porcentaxe moi alta da humanidade. Na Galiza, ¿cantas explotacións hai que se poidan clasificar como pequenas? Segundo as estatísticas, en Galiza había, no ano 1987, 227.359 explotacións; destas, o 94% tiñan menos de dez hectáreas e manexaban o 74% da superficie total e o 71% da superficie agraria útil (SAU). O proceso de transformación da agricultura galega leva a que, no ano 2003, o número de explotacións se reduza a 101.535 (desapareceron 125.824 explotacións en 15 anos), proceso que afectou moito máis ás de menos de dez hectáreas (desapareceron 134.258) e

► Gráfico 1 1987						
SAU	Número Explotacións	%	ST	%	SAU	%
<10 has	214.654	94,4	990.219	74,5	506.950	71,3
>10 has	12.705	5,6	339.716	25,5	203.654	28,7
	227.359	100	1.329.935	100	710.604	100
2003						
SAU	Número Explotacións	%	ST	%	SAU	%
<10 has	80.406	79,0	470.644	41,6	238.298	32,9
>10 has	21.131	20,8	659.742	58,3	486.326	67,1
	101537	99,78	1.130.386	99,96	724.624	100

► Gráfico 2 SAU (Hectáreas) ST (Hectáreas)						
	1987	2003	Variación	1987	2003	Variación
< 1	31.647	6.757	-24.890	78.382	20.249	-58.133
1 a < 2	87.918	36.899	-51.019	178.806	81.268	-97.538
2 a < 5	198.037	85.321	-112.716	393.231	188.424	-204.807
5 a < 10	189.348	109.321	-80.027	339.800	180.703	-159.097
10 a < 20	141.125	189.575	48.450	211.087	269.807	58.720
20 a < 30	34.008	108.756	74.748	49.965	139.553	89.588
30 a < 50	12.142	86.348	74.206	21.749	103.894	82.145
50 a < 100	8.901	38.609	29.708	35.022	55.213	20.191
>=100	7.388	63.038	55.650	21.893	91.275	69.382
Total	710.514	724.624	14.110	1.329.935	1.130.386	-199.549

fixo que se dobrasen as que tiñan máis de dez hectáreas, pasando de 12.705 a 21.131. Aínda así, no ano 2003, as pequenas explotacións seguían a representar o 79%. Esta caída, do 94% ao 79% é moito menor da que experimenta a superficie total (que baixa ao 41'6%) ou a SAU (que descende ao 32'9%). O nivel de abandono é moito maior nas pequenas explotacións que nas grandes e, ademais, segundo indican os datos sobre superficie, son cada vez máis pequenas. **(Gráfico 1)**

Entre 1987 e 2003, o agro galego sofre unha redución da súa superficie de 199.549 hectáreas, o meirande das cales proceden da mingua de SAU e superficie total das pequenas explotacións. Unha parte pasou ás grandes explotacións, e outra parte desapareceu e abandonouse. **(Gráfico 2)**

Estes datos permítenme dicir que, na agricultura galega predominan as pequenas explotacións, polo menos dende o punto de vista da superficie.

Outro dos factores que apuntamos como definitorio das pequenas explotacións era o do traballo. Segundo as estatísticas, no ano 1987, o 97% do traballo na agricultura galega era fami-

liar, e só un 2'5% era traballo asalariado. Esta porcentaxe vaise reducindo até 2005, pero segue a ser grande ao manterse nun 94'3%. **(Gráfico 3)**

Que predomine o traballo familiar e case non haxa traballo asalariado non é unha cuestión a desprezar. Nunha explotación na que predomine o traballo familiar, a toma de decisións é distinta que na agricultura capitalista. Nunha explotación capitalista, un empresario que ten vinte traballadores, sexan de fóra ou de aquí, analiza o capital investido, os custes e os beneficios, e senón gaña o que quere, pecha e vaise para outro lado; esa é a lóxica do sistema capitalista, baseada na taxa de rendemento. Na agricultura familiar as cousas non se fan así porque, polo menos, hai unha categoría que falla: o salario. O concepto de salario é válido para explicar o sistema capitalista, pero non se pode aplicar a un sistema distinto como o da agricultura familiar, que supón o 94'3% da que se fai en Galiza.

Na agricultura familiar, o número de horas que traballa o titular da explotación determínanas el mesmo; haberá días que traballe catorce horas, e días nos que non traballe nada. Nunha explotación familiar, o número de

horas que se traballan decídelos ti. Creo que esta é unha cuestión substantiva e fundamental que debemos ter en conta. Para transformar a nosa agricultura, debemos ter en conta que somos pequenos, e que o traballo familiar está aí presente.

Outro tema fundamental, neste senso, é o do capital. ¿De onde procede o capital que se utiliza nunha unidade produtiva na que o 100% do traballo é familiar? É posíbel que sexa un crédito que se lle pediu ao banco, ou unhas rendas obtidas na emigración, ou os aforros dunha persoa da terceira idade que cobra unha pensión; en calquera caso, se ese capital non é bancario, estamos nunha situación na que a explotación familiar adianta cartos do seu propio orzamento, das súas rendas, que en troques de utilizalas para outras fins se invisten no propio proceso produtivo agardando recuperalas. As contas que se fan na agricultura galega deberían ter en conta isto; non podemos facer unhas contas semellantes ás que se fan nunha explotación capitalista porque, entre outras cousas, non podemos imputar un salario. Nunha ex-

plotación ao 100% familiar, non hai salarios; o que fica é unha parte limpa de beneficios despois de pagar todo o que mercamos, e esa parte limpa debe remunerar o traballo e axudar a recuperar o capital que foi adiantado.

É evidente, tamén, que o patrón de especialización da agricultura galega non coincide cos patróns típicos das agriculturas máis adiantadas. Niso tamén somos particulares. ¿Por que? Botando unha ollada ás estatísticas, podemos dicir que a agricultura galega está en descomposición. Da distribución da agricultura segundo especialidades, podemos ver que moitos dos nosos sectores produtivos non teñen un patrón especializado (os agrupados nas categorías de gandería mixta con predominio de herbívoros, policultivos, agricultura xeral e herbívoros, outros cultivos e gandería e cultivos agrícolas diversos). En 1987, das 229.338 explotacións que tiñamos, había 141.595 que tiñan unha estratexia diversificada. Isto é importante salientalo, malia o retroceso que había sufrir nos vindeiros anos. **(Gráfico 4)**

Todos sabemos que a agricultura galega é diversificada, mais non sobra que o corroboremos con estes números. Este é un valor que temos. O tratamento a este tipo de agricultura debe ser distinto ao tratamento que se faga desde o ámbito político. Un plan de desenvolvemento rural para Galiza debe innovar en non seguir os mesmos patróns que seguen outras agriculturas distintas á nosa como, por exemplo, a andaluza. A nosa estrutura produtiva é moi distinta, cun nivel de diversificación moi elevado. Aínda hoxe, unhas 45.000 explotacións (o 40%) teñen un perfil pouco especializado.

O tema máis controvertido cando falamos de pequenas explotacións é o dos cartos. ¿Como se comportan estas explotacións pequenas, con traballo familiar e pouco especializadas, en xeral? Dende o punto de vista económico, as estatísticas sobre as marxes brutas (a marxe que fica para remunerar o traballo e amortizar o capital investido; é dicir, a diferenza entre o valor de todo o que unha explotación vende e os seus gastos) confirman cousas que, se cadra, xa sabiamos.

En 1987, o 93% das explotacións galegas tiñan de marxe bruta menos de 9.600 euros; só un 1% tiña unha marxe bruta superior a 19.200 euros.

No ano 2003, esta situación tiña cambiado un pouco. Como consecuencia do proceso de modernización, as explotacións que medran son as grandes; pero as explotacións cunha marxe bruta menor de 9.600 euros seguen representando o 81%, e entre elas están o meirande das pequenas. Este 81% das explotacións manexa o 51% da SAU, subministran o 68% do traballo agrario; pero manexa só o 23% da marxe bruta. O 63% da marxe bruta que se xera no agro galego vai para un 10% das explotacións. **(Gráfico 5)**

Outro dato significativo é a cantidade de traballo por hectárea do que dispoñen as explotacións. As pequenas explotacións son as máis intensivas no

► Gráfico 3	1987	2003	2005
UTAs FAMILIARES	97,5	94,3	94,3
UTAs ASALARIADAS FIXAS	1,1	4,0	4,6
UTAs ASALARIADAS TEMPORAIS	1,4	1,7	1,1
TRABALLO TOTAL	100,0	100	100

► Gráfico 4	1987	2003
OTES con pouca especialización		
Gandería mixta, predominio herbívoros	61.577	13.143
Policultivos	32.338	14.135
Agricultura xeral e herbívoros	22.343	5.896
Outros cultivos e gandería	17.517	6.511
Cultivos agrícolas diversos	5.833	3.774
Total	141.595	45.462
OTES con moita especialización		
Bovinos de leite	36.443	17.908
Bovinos de carne	14.450	12.262
Ovinos, caprinos e outros herbívoros	13.592	7.627
Bovinos mixtos	12.747	2.203
Gandería mixta, predominio granívoros	2.737	6.525
Viticultura	2.672	5.466
Granívoros	2.398	3.017
Horticultura (horta e flores)	1.939	2.042
Cereais, oleaxinosas e legumes	344	1.356
Cultivos leñosos diversos	248	894
Frutais e cítricos	173	1.562
Total	87.743	60.862
Número Total de Explotacións	229.338	106.324

uso do traballo: 0'55 unidades de traballo por hectárea; fronte ás grandes, que só teñen 0'14. É dicir, nun principio, as pequenas explotacións, que son pouco lucrativas medidas do xeito que mide o Ministerio de Agricultura, son as que ofertan máis traballo por unidade de superficie. En consecuencia, poderíamos concluír que se o noso obxectivo político fose fixar poboación no mundo rural, deberíamos ter en conta que as pequenas explotacións teñen unha maior capacidade de subministrar traballo cás grandes. Isto é algo elemental, pois as grandes teñen unha maior capacidade de mecanización. No 2003, baixou moito a cantidade de traballo por hectárea, pasando a un 0'23; pero, aínda así, o índice segue a ser moito máis alto nas pequenas explotacións ca nas grandes (0'12 e 0'11), o cal demostra a fortaleza da agricultura familiar en termos de xeración de emprego. Por iso, as políticas agrarias que pretendan atallar o abandono rural terán que ter en conta este feito.

En calquera caso, estes datos amósannos que, na agricultura galega, predominan as explotacións con baixos rendementos, é dicir, explotacións que teñen dificultades para sobrevivir.

Nesta diagnose rápida e nesgada da agricultura galega, se cadra pouco rigorosa, poderíanse resumir os problemas en dous. Un é que o proceso de modernización cara á agricultura capitalista impulsado dende o Goberno español, nun principio na década dos setenta dende o Ministerio de Agricultura e Extensión Agraria e, posteriormente, dende as propias axencias de Extensión Agraria e dende a política levada a cabo pola Xunta de Galiza, foi un auténtico fracaso. Aquí non se salvaron da queima nin as explotacións grandes nin as modernas. Na bisbarra do Rosal, por exemplo, onde se practica unha horticultura moi intensiva baixo plástico, paradigma da modernización, fracasouse e estase a fracasar.

En segundo lugar, hai un problema evidente de abandono e de despoboamento que nos está levando a unha

situación que eu xa cualifiquei, hai tempo, de barbeito improdutivo, no senso de que ese abandono acontece nos ámbitos ecolóxico, económico e social.

¿Que podemos facer diante destes problemas? Unha das posibilidades sería incidir no mesmo paradigma, situarnos nunha posición concreta dentro da cadea agroalimentaria reducindo a nosa actividade a simples produtores e produtoras de materia prima barata para que unhas empresas as transformen e se lucren con elas, traballar só para sacar produtos agrarios. Esta é unha das opcións que temos enriba da mesa. É dicir, para tentar corrixir o problema das pequenas explotacións e, en xeral, da nosa agricultura, podemos tratar de afondar no mesmo modelo, modernizarnos máis aínda, tentar que as nosas vacas, por exemplo, incrementen a súa produción aínda máis; podemos introducir os últimos avances científicos e tecnolóxicos nos cultivos baixo plástico para que as hortalizas reaccionen máis rapidamente aos fertilizantes e medren máis axiña, e sexan cada vez máis grandes e nos permitan ocupar máis mercados cos nosos produtos. Podemos ir por ese camiño. Eu creo que pouca xente da que estamos aquí acreditamos nesta opción. E non é sen motivo, pois temos varios problemas estruturais que non fan desta a mellor das alternativas. Un deses problemas é que o mercado agrario mundial está organizado como está, e as prescricións que veñen da OMC e dos estados que a apoian -que son o meirande dos estados democráticos do mundo- xogan en contra das pequenas explotacións, que non poden vender os seus produtos nese mercado en igualdade de condicións. Outra das razóns que nos amosan esta opción como pouco atractiva é que a nosa agricultura ten unha base territorial limitada, o que fai que non poidamos competir en cantidade.

Na miña opinión, debemos modificar a posición da agricultura en relación con tres ámbitos:

En primeiro lugar, debemos situarnos na cadea agroalimentaria doutro

xeito. As pequenas explotacións teñen que idear e innovar, deben buscar cooperación para poder situarse nun punto da cadea agroalimentaria que lles permita xerar máis renda non só na propia explotación, senón no ámbito comunitario e local. Temos que pensar en termos de actividade económica local, de alimentación local, de mercados locais, de desenvolvemento económico local. Este é o marco onde deben xogar as pequenas explotacións.

En segundo lugar, as pequenas explotacións deben ampliar a súa actividade. Non só imos producir materias primas baratas, senón que imos ofertar unha cantidade múltiple e diversa de servizos. Un bo exemplo desta posibilidade témolo no sector vitivinícola. Estou farto de ver no suplemento de El País dos domingos reportaxes sobre enoturismo, dominado por grandes explotacións que embotellan marcas de dez euros para arriba e teñen o apoio de grandes capitais tras súa. Empresas que veñen de decatarse que nas súas adegas poden xerar unha nova renda se conseguen atraer a xente que veña non só a ver a explotación, senón que, ademais, durma e coma alí. Se as grandes explotacións están diversificando, ¿como non imos diversificar as pequenas? É evidente que unha pequena explotación non pode abranguer todo; por iso, insisto na importancia do ámbito local, no que distintas explotacións individuais poden ofertar unha cesta de servizos ou produtos ampla e diversificada que dea rendas para todas. Cómpre buscar mecanismos que permitan a participación, porque iso fortalecerá ás pequenas explotacións. E se as fortalecemos, vai a haber máis renda, e onde hai máis renda vai a haber máis dinamismo local e máis xente, e todos os sectores se van ver beneficiados. Daquela, esta é unha cuestión fundamental: ampliar o abano de actividades. A diversificación é a base para podermos consolidar un modelo agrario diferente.

Neste senso, quero incidir nun aspecto particular, que é o da diversificación enerxética. As explotacións

labregas poderían obter rendas da produción enerxética, e non estou a pensar no tema dos agrocarburos. Máis ben estou a pensar no modelo eólico. ¿Que ten que ver o modelo eólico coas pequenas explotacións? Eu creo que moito. ¿A quen pertence o recurso eólico? Nestes intreos, ás empresas titulares das explotacións de aproveitamento do vento. É delas ese vento, pero a superficie era nosa, ben como comunidade de montes ou ben como propietario@s privat@s. Aí perdemos unha boa oportunidade. Sempre que falamos das rendas da explotación pensamos na actividade propia desta; pero a actividade agraria podía terse beneficiado se o modelo de aproveitamento dos recursos eólicos impulsado neste país nos últimos dez anos tivese permitido participar desa renda a@s propietario@s locais das zonas rurais, aos centos de comunidades afectadas no noso país. Eses beneficios poderían ter significado para estas comunidades un ingreso para investir en desenvolvemento rural, complementando as rendas obtidas pola produción agraria. Porque estamos a falar dun recurso local. Eu vexo un claro paralelismo entre o proceso de expropiación dos montes comunais nos anos corenta e o proceso de usurpación dun novo recurso que non sabíamos que estaba aí. Aconteceu que uns señores descubriron ese recurso e apropiáronse del, pasando por riba de tod@s @s propietario@s e de moitas pequenas explotacións que complementarían a súa renda con eses ingresos.

E, finalmente, tratar de definir estratexias orientadas á redución de custes nas explotacións. Un claro exemplo disto é a elaboración dos nosos propios fertilizantes.

Esquemáticamente, un modelo agrario baseado nas pequenas explotacións sería así:

■O traballo da terra como base do desenvolvemento económico:

► A produción local abastece os mercados locais

► A alimentación local convértese no motor do mundo rural

► As novas rendas, que antes fuxían, agora fican en mans locais

■Os procesos ecolóxicos como base do traballo da terra:

► A ecoloxización dos procesos de produción.

► A diversificación dos agroecosistemas activa procesos ecolóxicos que reducen os custos en fertilizantes e agrotóxicos.

■A estabilidade e a autonomía, valores emerxentes do desenvolvemento económico:

► A diversificación conduce á estabilidade produtiva e ambiental: as mellores perspectivas da renda benefician ó produtor.

► Autonomía significa control interno das condicións que garanten a reprodución do sistema produtivo nas súas actuais condicións.

► Coa PPA producindo para o mercado, a autonomía local aumenta.

1987	< 9.600 € MB	Entre 9.600 € e 19.200 € MB	> 19.200 € MB	Total
► Gráfico 5 Explotacións	93,55	5,36	1,09	100
SAU	73,63	19,86	6,51	100
UTA	89,70	8,34	1,96	100
MB	70,28	19,53	10,19	100
2003	< 9.600 € MB	Entre 9.600 € e 19.200 € MB	> 19.200 € MB	Total
Explotacións	81,03	8,02	10,95	100
SAU	51,30	16,21	32,49	100
UTA	68,35	11,49	20,16	100
MB	23,64	12,49	63,87	100

O SLG defendeu en Bruxelas unha Política Agraria Común alternativa

Xosé Ramón Cendán participou nunha conferencia sobre a PAC como representante da CPE

Xosé Ramón Cendán participou, o 16 de abril, nunha conferencia en Bruxelas na que a Comisión Europea presentou as propostas de reforma da Política Agraria Común (PAC) para despois do 2013. Cendán interveu en

nome do Sindicato Labrego Galego e da Coordinadora Labrega Europea (CPE), como membro das executivas de ambas organizacións, e defendeu unha política agraria alternativa á que funciona na actualidade.

Na conferencia tratáronse temas tan importantes como o control da produción, as axudas, o desacoplamento (desvincular as primas do proceso de produción) ou a liberalización dos diversos sectores agropecuarios.

A Política Agraria Común alternativa defendida por Cendán e a CPE está baseada en varios piares:

- As axudas agrarias non deben provocar *dumping*, é dicir, permitir que se vendan produtos por baixo dos seus custos de produción.

- A política agraria deberá estar baseada no control da produción, que deberá estar orientada a fornecer o consumo interior da Unión Europea, sobre todo naqueles alimentos que teñen máis dificultades para ser comercializados por non poder competir cos baixos prezos das exportacións.



Cendán volveu defender en Bruxelas unha PAC alternativa en nome d@s labreg@s europe@s

- En contra dos ditados da Organización Mundial do Comercio, cómpre permitir a negociación de prezos mínimos para os produtos agrarios que cubran os custos de produción e salarios dignos para as per-

soas que traballan nas explotacións.

- A nova PAC debe fomentar prácticas agronómicas sostíbeis e respectuosas co medio ambiente, e debe estar orientada cara á mantenza dun mundo rural vivo,

dotando ao agro dunha calidade en prestación de servizos públicos (asistenciais, educativos, sanitarios, etcétera) parella á das cidades para que a poboación permaneza e non emigre aos centros urbanos.

Eucaliptos transxénicos para producir agrocarburos no Brasil

O Goberno de Lula vén de dar un paso máis de cara a converter o Brasil nun auténtico deserto verde. Neste intre, o monocultivo de eucalipto xa supón un gravísimo problema económico, social e medioambiental para miles de labregos e labregas e indíxenas. Pero a cousa pode ir a peor. É que a multinacional de manipulación xenética forestal ArborGe obtivo licenza para plantar eucaliptos transxénicos no Brasil, práctica mesmo prohibida nos Estados Unidos, líder mundial en cultivo de OXMs.

En concreto, ArborGe manipulará os xenes do eucalipto para que se poida controlar a produción de lignina, de maneira que se poidan utilizar as árbores para producir máis papel e máis etanol. Ao producir eucaliptos con menos lignina redúcense os custos de extracción da celulosa coa que se fabrica o etanol. Pero se o monocultivo de eucaliptos sen manipular xa era un problema de xigantescas dimensións e consecuencias, facelo con árbores transxénicas pode converterse nun desastre a todos os niveis.

A Vía Campesina celebrou o Día Mundial da Loita Labrega nunha vintena de países

A Vía Campesina celebrou o Día Mundial da Loita Labrega o 17 de abril, en conmemoración da masacre de Eldorado dos Carajás, na que a policía disolveu unha manifestación labrega a balazos cun saldo de 19 mortos e 69 feridos.

Nesta efeméride tan especial, a Vía Campesina organizou para esta data máis de cincuenta eventos nunha vintena de países, dende conferencias e manifestacións, ata teatro na rúa, proxección de filmes e debates, e tratando temas tan diversos como o impacto da agricultura industrial no cambio climático ou o control que exercen os supermercados

na cadea de produción alimentaria.

Este ano tiveron un importante papel as organizacións agrarias africanas, que centraron as súas protestas contra os acordos de colaboración económica (APE), que poñen en perigo as súas economías ao impoñerlles novas medidas de liberalización comercial, é dicir, eliminación de fronteiras para que acepten a entrada de alimentos a moi baixo prezo, co resultado de que se destrúe a agricultura dos países e as súas posibilidades de subsistencia.

En América Latina, a reforma agraria ocupou o centro das loitas deste ano. En

Brasil, por exemplo, leváronse accións en catorce estados para esixirle ao presidente Lula a posta en práctica dunha verdadeira reforma agraria que lle expropie terras dos latifundios ociosos -en Brasil cóntanse por millóns de hectáreas- para darllas aos labregos e as labregas xunto cos medios necesarios para explotalas.

En Europa, as organizacións labregas fixeron chamamentos para participar nas protestas contra o G8 (encontro entre os oito países máis poderosos do planeta). Así, movementos sociais de toda Europa reuníranse na cidade alemá de Rostock o vindeiro mes de xuño para

protestar contra as políticas gobernamentais dos países do G8, que benefician ás empresas transnacionais e non ás persoas.

Asemade, en Asia, as organizacións labregas fixeron campaña a favor da soberanía alimentaria, os dereitos labregos e contra a construción dos grandes encoros que están a destruír as comunidades rurais.

■ O 17 de abril no Estado Español

No Estado Español, a Coordinadora de Organizacións Agrarias e Gandeiras (COAG) publicou un informe que denuncia as prácticas comerciais das grandes

cadeas de distribución. Así, COAG realizou, xunto á Plataforma Rural e a Plataforma Cidadá, a campaña "Non te comas o mundo" coincidindo co 17 de abril.

Segundo o informe da COAG, só tres grandes cadeas de distribución alimentaria deciden a metade do que comemos e os prezos que pagamos polos alimentos: Carrefour, Mercadona e Eroski. O informe subliña como factores que inflúen no abuso de poder da grande distribución: o proceso de concentración das grandes superficies, a competencia oligopolística e o escaso poder negociador dos produtores e das produtoras.

EEUU perdeu medio millón de colonias de abellas, o que supón o 25% da cabana apícola

A preocupación pola desaparición masiva de abellas comeza a estenderse por todo o mundo. E boa proba diso é a ampla reportase que publicou o New York Times o 23 de abril, xa que o problema comeza a ser preocupante tamén nos Estados Unidos. De feito, o fenómeno que xa se coñece como Colony Collapse Disorder (o problema do colapso das colonias), provocou a desaparición do 25% dos enxamios en todo o país, o que supón medio millón de colmeas en trinta estados; e ten mobilizado á comunidade científica para coñecer as causas do fenómeno, entre as que se barallan os fitosanitarios, a desnutrición, os transxénicos e a telefonía móbil.

Outro país que tamén se viu afectado por unha importante redución do seu número de abellas é Suíza. No país helvético hai 19.000 explotacións apícolas e preto de 190.000 colonias que xeran un negocio anual de 222 millóns de euros. Segundo Richard Wyss, a morte das abellas suizas pódese deber a un ácaro de Asia que porta un virus mortal.

Asasinan a un defensor do campesiñado inmigrante nos Estados Unidos

O corpo sen vida de Santiago Rafael Cruz, organizador do Foro Laboral do Obreiro campesino (FLOC), organización que defende os dereitos das labregas e labregos inmigrantes en Estados Unidos, foi atopado o 9 de abril na súa oficina de Monterrey, atado de pés e mans e con mostras de ter levado unha malleira. O móbil do homicidio podería estar relacionado coas investigacións que a FLOC está levando a cabo sobre a corrupción no reclutamento de man de obra para a agroindustria estadounidense, xa que non se roubou nada no lugar dos feitos. De feito, a FLOC xa tiña recibido ameazas.

A comunidade científica advirte que os agrocarburentes traerán a fame

Ademais, non servirán para reducir a emisión de gases de efecto invernadoiro tal e como prometen

Cada vez son máis as voces críticas que cuestionan os agrocarburentes. Na Universidade de Minnessota manteñen que fornecer de materia prima ás industrias do etanol provocará unha vaga de fame en todo o mundo que se

levará por diante a millóns de pobres por enfermidades e desnutrición. Por se non abondase, a Sociedade de Química e Industria británica concluíu que os agrocarburentes non reducirán o efecto invernadoiro.

Os profesores de Economía Aplicada da Universidade de Minnessota, Ford Runge e Benjamin Senauer, veñen de publicar un estudo baseado nunha sinxela ecuación: diante da alza constante do petróleo, o etanol fabricado a partir de produtos agrarios (milho, colza, cana de azucre, iuca, xirasol, etcétera) comeza a ser visto como un negocio rendíbel. O problema é que para abastecer o desmesurado consumo enerxético dos países ricos serían necesarias inmensas extensións de superficie agraria en todo o mundo para producir grandes continxentes destes cultivos. Esta demanda dispararía o prezo destes produtos agrarios e os seus derivados no mercado mundial. Se cadra, nos países ricos non o notariamos tanto, pero no mundo hai 2.700 millóns de persoas que viven con menos de dous euros ao día e, nos países pobres, os fogares dedican entre o 50% e o 80% dos seus ingresos totais a mercar alimentos; para eles, un mínimo aumento no prezo dos alimentos supón pasar fame. E as previsións están en que o millo se encareza un 20% en 2010 e un 41% para 2020. A soia, a colza e o xirasol poderíanse chegar a cotizar ata a un 76% máis en 2020, e o trigo ata un 30% máis.

Os investigadores norteamericanos poñen un exemplo do disparate que supón apostar polos agrocarburentes: para encher o depósito dun coche con 95 litros con etanol puro necesítanse máis de 200 quilos de millo, cantidade con calorías suficientes como para alimentar a unha persoa durante un ano.

Runge e Senauer afirman que "coa presión que está a exercer sobre os subministradores mundiais de cultivos comestíbeis, o au-



As prediccións dos economistas Runge e Senauer indican que a orientación da agricultura cara a produción de carburantes traerá máis fame, morte, miseria e conflitos ao mundo

mento da produción de etanol traducirase en prezos máis altos para os alimentos básicos e procesados en todo o mundo. Os agrocarburentes relacionan o prezo do petróleo e dos alimentos de tal xeito que poderían modificar fondamente as relacións entre os produtores e

produtoras de alimentos, os consumidores e consumidores e as nacións nos vindeiros anos, con consecuencias devastadoras para a pobreza global e a seguridade alimentaria".

Os profesores norteamericanos tamén advirten das catastróficas consecuencias



A farsa do suposto beneficio ambiental dos cultivos enerxéticos

Un estudo publicado pola Sociedade de Química e Industria británica concluíu que a produción de agrocarburentes en base a aceite de colza non ten ningún efecto positivo en canto á redución de gases de efecto invernadoiro.

Para chegar a esta conclusión, a equipa investigadora comparou as emisións do diesel e do biodiesel contabilizándoas en todo o proceso produtivo.



Así, medíronse as emisións provocadas polo cultivo, transporte, extracción de aceite e fabricación do agrocarburente a partir da colza; e as emisións derivadas da extracción e refi-

que terían os agrocarburentes sobre as producións gandeiras. A súa predición é que o prezo dos alimentos para o gando tamén se disparará, provocando unha caída aguda das rendas nas explotacións, especialmente nas dos sectores avícola e porcino.

nado do petróleo e do seu transporte. O resultado foi que as emisións globais de gasóleo e de agrocarburentes de colza son case as mesmas. Mentres que o gasóleo emite un 85% de gases no intre de queimarse nos motores, os agrocarburentes ceiban dous terzos no proceso de cultivo da colza, cunha particularidade: as leiras emiten óxido nítrico, un gas que ten entre 200 e 300 veces máis efecto invernadoiro có CO2.

Continúa a actividade formativa do SLG en viticultura ecolóxica

O pasado 21 de abril celebrouse na vila de Monforte a xornada "Ecoloxía e mercados en viticultura"

Medio cento de viticultores e viticultoras das cinco DOs galegas acudiron á cita do Sindicato Labrego na Escola de Capacitación Agraria de Monforte onde, o 21 de abril, se celebrou a xornada "Ecoloxía e mercados en

viticultura". Nela, relatores de Portugal, Navarra e Galiza analizaron as técnicas agrícolas e de manexo ecolóxico da viña, o miolo da comercialización do viño e, como non, os sabores e recendos dos caldos nunha cata.

En primeiro lugar, tratáronse temas relacionados co manexo, sobre todo en base aos estilos de produción sostíbeis e agroecolóxicos, para o que se contou con xente de moita experiencia, como o Cruz e Rubén García, pai e fillo viticultores da bisbarra de Estella, na denominación de orixe Navarra, que faláron pola mañá. Ambos herdaron dos seus devanceiros os coñecementos tradicionais para a utilización de plantas en viticultura. Ambos faláron de como recoñecer o estado dunha cepa e como tratalo con herbas como ortiga, valeriana, cola de cabalo, consolda, etcétera. Desta maneira, e con procedementos naturais, Cruz e Rubén atallan estados nos seus viñedos propicios á aparición de doenzas como o mildeu ou o oidio, por exemplo.

Unha das partes máis interesantes desta charla aconteceu cando Cruz e Rubén García compartiron coa xente que asistía á xornada varias fórmulas -coma o zurro de ortiga- para o tratamento fitoterapéutico do viñedo, en particular, e da agricultura, en xeral.

Outra intervención interesante foi a do viticultor e olivareiro portugués Luis Manuel Gonçalves da Silva Mendes, quen, ademais, é tamén enxeñeiro agrónomo. Gonçalves explicou qué se podía considerar viño biolóxico e o que iso significaba. Entre as características que debe reunir un viño orgánico están a prohibición de engadirle fermentos seleccionados por ser innecesarios

Conseguir diferenciación a través da consolidación das plantas sans no propio viñedo, onde ao depender cada vez máis das características da rocha nai



Unha cata comentada de viños ecolóxicos púxolle broche á primeira xornada do curso vitícola de Monforte

impiden que esas cepas dean viños parecidos ou semellantes aos doutras zonas; polo que se pode dicir que a diferenciación está asentada no principio do manexo ecolóxico do solo e de todo o viñedo. Un dos conceptos no que se baseaba o modelo produtivo de Manuel Gonçalves era a inexistencia de doenzas ou pragas; pola contra, existen diversos estados da planta

que poden ser máis ou menos propicios á aparición de determinadas doenzas. A este respecto, facilitou a bibliografía de onde se pode tirar a teoría do manexo que el practica. Este viticultor portugués prescinde de maquinaria e renega do uso de substancias químicas na agricultura e vaticinou a fin da viticultura química, á que lle quedan "moi poucos anos de vida".

Calidade e venda directa como mellores opcións comerciais

O director comercial do Grupo Galiciano, Enrique Nóvoa, falou dos aspectos económicos da viticultura ecolóxica. Un dos temas tratados foi o das problemáticas co sector Horeca (hostalería, restauración café), onde debido ao descenso de consumo dende o punto de vista da cantidade, o aumento ao consumo no propio fogar, e á alza da calidade media dos viños consumidos, vese ás claras que a aposta máis acertada debe ser a de ir cara á calidade, vendendo en canles curtas de comercialización (venta directa a consumidores e consumidoras ou a grupos especiais). Nóvoa sostivo que a peor das alternativas comerciais para o viño galego é a de venderlle ás grandes superficies comerciais.

Enrique Nóvoa tamén explicou as pautas para que os nosos viños sexan máis coñecidos, e fixo especial fincapé na atención directa na propia adega.

"A ecoloxía non pode ser escusa para non elaborar bos viños"

A última intervención foi a da cata comentada, e correu a cargo de Xosé Manuel Martínez Juste, presidente da Asociación Galega de Enólogos.

Juste fixo unha exposición sobre as características que debe reunir un viño ecolóxico de calidade, e chegou a afirmar que a ecoloxía é o camiño máis curto para acadar, precisamente, un nivel de calidade óptimo. Sobre isto, Xosé Manuel Martínez Juste aconsellou que non se debía caer no victimismo, e que a ecoloxía non pode servir de escusa para non elaborar bos viños.

Respecto á cata, probouse unha selección de viños de Galiza, Portugal, A Ríoxa, Levante, etcétera.

Xa a xornada seguinte, o domingo 22 de abril, dedicouse por completo a facer unha saída de campo para coñecer de preto as explotacións vitícolas da subzona Amandi, na Ribeira Sacra. Aí puidéronse ver *in situ* as dificultades coas que se atopan os viticultores e viticultoras, sobre todo pola esgrevia orografía, e explicáronse sobre o terreo diversas técnicas expostas o día anterior, como a protección do solo con coberturas vexetais, etcétera.

Rías Baixas remata a campaña con 1.500 contratos formalizados

O Sindicato Labrego expresou a súa satisfacción polo bo desenvolvemento da comercialización da uva na pasada campaña na denominación de orixe Rías Baixas. Tanto o responsábel do sector agrario, Xosé Manuel González Vilas, como o coordinador na comarca do Salnés e o representante na comisión de seguimento dos contratos -Roberto Rivas Reboredo e Antonio Suárez-, coincidiron en valorar positivamente a cifra de 1.500 contratos formalizados por unha trintena de adegas na compravenda de uva en Rías Baixas, xa que -apuntaron- as transaccións que non se fixeron de maneira contractual respectaron, nembargante, os prezos e condicións acordados na mesa do viño para toda a denominación de orixe.

Con todo, si que houbo, excepcionalmente, unhas poucas adegas quen non se acolleron aos acordos do sector, como o caso dunha do Baixo Miño á que o Sindicato Labrego lle está a facer un seguimento nestes intres para que respecto o pactado.

Outro aspecto a destacar foron os créditos habilitados pola Xunta para que se puidese adiantar o pago aos viticultores e ás viticultoras, que houbo que ampliar ata vinte millóns de euros debido á alta demanda.

Para o Sindicato Labrego, a creación dos contratos homologados foi un instrumento positivo que lle deu estabilidade ao sector nesta DO, e que consolida e normaliza a conxuntura favorable de mercado que vive nestes intres Rías Baixas, con producións récord e un aumento do consumo de viños brancos a nivel mundial. Agora, o SLG agarda que se convoque en breve a vindeira mesa do viño para poder comezar a tratar os pormenores da vindeira vendima; e confía en que o consello regulador se manteña estrito no control e límites da produción para que Rías Baixas siga a ser unha denominación de orixe punteira.

Galiza xa ten Lei de prevención e defensa contra os lumes forestais

A loita contra os incendios estará organizada con tres plans a nivel galego, de distrito e municipal


A Consellaría de Medio Rural publicou en abril a Lei de prevención e defensa contra os incendios forestais, cuxos obxectivos son actuar nos montes e áreas próximas mediante o

tratamento axeitado da biomasa residual, protexer os asentamentos rurais contra os incendios, regular os aproveitamentos e as repoboacións forestais, incentivar a creación de unidades

de xestión sustentábeis, e regular a redacción dos diferentes plans de prevención e defensa. A equipa técnica de Frouma preparou para este Fouce o presente resume da nova norma legal.

A lei estrutura a defensa do espazo rural fronte aos incendios forestais a nivel galego, de distrito, municipal e inframunicipal. Para iso, desenvolveranse tres plans distintos, subordinados uns aos outros: o plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galiza (PLADIG), o plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de distrito (PLADID), e o plan de prevención e defensa contra os incendios forestais municipal (PLADIM). Estes plans complementaranse con planeamentos particulares para agrupacións de propiedades.

A lei tamén fala de infraestruturas preventivas, formadas polas redes de defensa contra incendios. Son as redes de faixas de xestión da biomasa, mosaico de parcelas de xestión da biomasa, rede viaria forestal, rede de puntos de auga, rede de vixilancia e detección de incendios e outras in-



As edificacións en zonas de alto risco deberán ter unha faixa de 50 metros de terreo limpo

fraestruturas de apoio á extinción. As infraestruturas preventivas e os terreos necesarios para a súa execución poderán ser declarados de utilidade pública.

As edificacións e instalacións situadas en zonas de alto risco de incendio, e máis

as de nova construción situadas a menos de 400 metros do monte que non teñan continuidade coa trama urbana, terán que deixar ao redor unha faixa de 50 metros limpa de vexetación seca e coa masa arbórea aclarada; manter o terreo non edifica-

do e o viario de titularidade privada libres de vexetación seca e coa masa arbórea aclarada; adoptar medidas especiais de autoprotección do edificio, pasaxe e contención do lume; e dispor dunha rede de hidratantes homologados.

Outro punto interesante ten que ver coas normas á hora de facer repoboacións forestais. Neste senso, as especies de alta combustibilidade e inflamabilidade deben gardar unha distancia de 50 metros a vivendas e instalacións, e de 100 metros no caso de querer obter axudas. A lei contempla como especies altamente inflamábeis diversas castes de piñeiro (*pinaster*, *sylvestris*; *radiata* e *Pseudotsuga menziesii*), as mimosas, o eucalipto, a queiruga, a carqueixa, a xesta, a uz, o piorno, o fento, a silva e o toxo.

O resto de especies deberán gardar 10 metros a vivendas e instalacións perigosas, que aumentarán a 25 metros se son industrias e instalacións perigosas. Todas as especies deben deixar 10 metros a terreos de especial protección agropecuaria. As plantacións xa existentes teñen un prazo de dous anos para adaptarse á nova normativa.

Ademais do devandito, a lei prohibe as repoboacións en solo urbano, en núcleos rurais, e en zonas dedicadas a leiras, cultivo, prados ou pastos, con independencia da súa cualificación urbanística. Prohíbese o depósito de biomasa residual, cortiza, estelas, etcétera, nas redes primarias e secundarias e nos mosaicos de parcelas de xestión de biomasa, agás os lugares expresamente autorizados por licenza municipal.

Durante os meses de xullo, agosto e setembro, só será permitido o amoreamento en cargadeiro de biomasa forestal residual, estelas, cortiza, resina e todo tipo de restos agrícolas, se se deixa unha franxa de 25 metros sen vexetación ao redor das moreas.

Acceso restrinxido a zonas de risco

Co obxectivo de garantir a defensa contra os incendios forestais e de facilitar a ordenación dos montes, promoverase a reorganización do espazo forestal mediante dous sistemas: unidades de xestión forestal e agrupacións de propietarios e propietarias forestais.

A nova lexislación tamén regula o acceso a zonas segundo o risco diario de incendio. Estará prohibido o acceso, a circulación ou a permanencia naquelas zonas en que o risco é moi alto ou extremo, en áreas forestais ou naturais, en áreas sinaladas con limitación de actividades, así como nos camiños forestais, rurais e vías que as atravesan. En zonas de risco alto, ficarán prohibidos os traballos con maquinaria sen dispositivos de retención de faíscas e antilapas ou equipamento para a extinción de lumes, a

realización de actividades non forestais nin agrícolas, ou a circulación con vehículos motorizados polos camiños forestais, rurais ou vías que as atravesan. En zonas de risco moderado ou alto, haberá obriga de identificarse diante das autoridades. Faranse excepcións coas persoas residentes, propietarias e produtoras forestais; cando non haxa outra alternativa de acceso; coas áreas recreativas debidamente equipadas; coa circulación en autoestradas, autovías e estradas da rede estatal e autonómica e cos medios oficiais e de emerxencia.

Será obrigatorio comunicar a queima de restos agrícolas en terreos forestais ou en zonas de influencia forestal; e ter autorización para queimar refugallo forestais e para facer queimas controladas en matorrales, praderías ou cercados.

Durante a época de perigo alto, será obrigatorio que os tractores, máquinas e vehículos de transporte pesado sexan dotados con dispositivos de retención de faíscas e antilapas nos tubos de escape. Ademais, deberán estar provistos de equipamento para a extinción de incendios.

Tamén se precisara autorización para a aradura dun terreo forestal con vistas a implantar cultivos agrícolas ou pasteiros. Se nos tres anos anteriores á solicitude ten habido lumes, a autorización será excepcional.

Finalmente, precisarase autorización para aproveitar a madeira queimada; prohíbese o pastoreo en terreos queimados durante dous anos, agás acreditación de perdas de difícil reparación ou inexistencia de alternativas; e se prohibe a caza en áreas queimadas durante tres anos.

Nova mocidade emprendedora

Nova sabedoría do rural



Hai moito máis que innovación, produción e calidade.
Hai moito máis que boas oportunidades para a
mocidade que elixe traballar no novo rural.
Hai outra filosofía de vida... unha nova sabedoría.
E ti... se sempre volves ao rural ...
Por que non ficas a traballar nel?



novas axudas
á incorporación da mocidade á
actividade agraria
e mellora das explotacións

<http://mediorural.xunta.es>



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL



Infórmate e establécete no rural.

COAG e CPE
instan á Comisión
de Medio
Ambiente a
rexeitar os OXMs

O pasado 20 de abril, o responsábel de seguridade alimentaria da Coordinadora de Organizacións Agrarias e Gandeiras (COAG), e Guy Kastler en representación da Coordinadora Labrega Europea (CPE), reuníronse co Comisario de Medio Ambiente, Stavros Dimas.

Esta comitiva, que representaba tamén ao Sindicato Labrego Galego, expresoulle a Dimas o seu rexeitamento dos transxénicos, xa que a coexistencia entre calquera modelo de agricultura con outra que utilice organismos xeneticamente manipulados (OXMs) é imposible.

Andoni García sostivo que "os OXMs destrúen o modelo social da agricultura labrega, sostíbel e solidaria; aceleran a implantación dun modelo de produción industrial sen labregos nin labregas que atenta contra o medio ambiente por impulsar o monocultivo e por provocar a perda de biodiversidade, e que non garante a seguridade alimentaria nin a saúde das persoas".

Pola súa banda, Guy Kastler manifestou que "o fenómeno da contaminación xenética é xeneralizado e non coñece distancias de separación", o que está chegando a provocar enfrontamentos entre explotacións. Kastler tamén lle explicou ao Comisario de Medio Ambiente que se veñen de publicar varios estudos que demostran que o aumento da mortalidade das abellas podería estar relacionado tamén coa contaminación por transxénicos.

Tanto a Coordinadora Labrega Europea como a COAG fixeron un chamamento aos estados membros da Unión Europea, e ás diversas rexións e comunidades, para que rexeiten os transxénicos e manteñan moratorias de carácter local ou nacional amparándose nas conclusións do Consello de Medio Ambiente celebrado o 18 de decembro de 2006. García e Kastler lembráronlle a Dimas que se debería facer o mesmo a escala comunitaria.

O SLG oponse á introdución dos OXMs na agricultura ecolóxica

O Parlamento Europeo aprobou, o 29 de marzo, a presenza *accidental* dun 0'1% de transxénicos

A Comisión de Agricultura do Parlamento Europeo aprobou, o pasado 27 de febreiro, unha proposta de regulamento para o etiquetado de produtos ecolóxicos que permitía unha presenza accidental de transxénicos

do 0'9 % neste tipo de alimentos sen a obriga de informar no etiquetado; o 29 de marzo, o propio pleno parlamentario aprobaba esa proposta, pero reducindo a un 0'1% a presenza adventicia de OXMs.

Diante desta decisión, o Sindicato Labrego denunciou nunha rolda de prensa, o 4 de abril, a introdución dos transxénicos no noso agro e mesas "pola porta de atrás".

Na comparecencia ante os medios, a responsábel de agricultura ecolóxica do SLG, Charo Sánchez Parga, explicou que "aínda que se anunciou esta rebaixa porcentual como algo positivo, ao Sindicato Labrego preocúpalle moito que fiquen aberta esta porta á contaminación xenética. Esta medida entra en clara contradición co regulamento da agricultura ecolóxica, que no seu artigo sétimo prohibe expresamente o uso de organismos xeneticamente manipulados. A agricultura ecolóxica é un modelo agrario sustentábel que traballa con variedades locais e autóctonas; permitir esta contaminación accidental sería deixar unha porta aberta á contaminación xeral de toda a todo tipo de agricultura por organismos manipulados".

Por iso, Sánchez Parga anunciou que "o SLG fará todo o posíbel para que se recolla a nosa demanda dun nivel de tolerancia cero aos transxénicos en agricultura e alimentación. É totalmente incompatible o desenvolvemento dun sector ecolóxico cunha agricultura que traballe con transxénicos".

O documento aínda ten que volver á Comisión de Agricultura para que sexa revisado, e este órgano terá que tomar unha decisión final antes de que Parlamento o aprobe definitivamente. Diante disto, "a Comisión vai ter que posicionarse: ou facerlle caso ao meirande da cidadanía europea (o 70% está en contra dos transxénicos na agricultura e na alimenta-



Charo Sánchez Parga e Lidia Senra denunciaron a introdución dos OXMs "pola porta de atrás"

ción); ou facerlle caso a unhas poucas transnacionais do sector agroquímico que monopolizan este negocio e á Organización Mundial do Comercio (OMC)".

Na rolda de prensa tamén interveu a secretaria xeral do Sindicato Labrego, Lidia Senra, que explicou as razóns da organización agraria para oporse aos transxénicos: por motivos sanitarios, xa que, cada vez, hai máis evidencias de que

os transxénicos son prexudiciais para a saúde; por motivos agrarios, pois o SLG é contrario "á dependencia das tecnoloxías xenéticas a que nos queren forzar as transnacionais"; e por motivos ambientais, pois está cada vez máis claro que os transxénicos son unha ameaza contra a biodiversidade.

Respecto das razóns sanitarias para oporse aos transxénicos, Charo Sánchez Parga puntualizou a interven-

ción de Lidia Senra coa recente publicación dun estudo na revista científica Archives of Environmental Contamination and Toxicology, no que se dá conta dun grupo de expertos en biotecnoloxía da Universidade de Caen (Francia) que vén de descubrir que o millo transxénico MON 863, autorizado pola Comisión Europea para alimentación humana e animal, resulta tóxico para o fígado e os riles.

Ningunha lei lle impide a unha abella polinizar con transxénicos

En canto á convivencia entre unha agricultura con transxénicos e outra ceibe deles, Senra explicou que, por moito regulamento que se aprobe, "non hai ningunha lei que lle impida a unha abella pousarse nunha planta transxénica, recoller o seu pole, e despois polinizar outras plantas en leiras ecolóxicas ou convencionais".

Finalmente, ambas sindicalistas denunciaron a desinformación que se está a practicar dende poderes públicos como a Comisión Europea ou o Ministerio de Agricultura neste tema. Para Parga "resulta contradictorio que o Ministerio, a través

da súa directora xeral de Agroindustria, Almudena Rodríguez, declarase hai pouco a súa posición favorable ao desenvolvemento da agricultura ecolóxica; e, ao mesmo tempo, aprobase o día anterior tres novas variedades de millo transxénico en España, que é o país europeo con maior superficie cultivada de OXMs (máis de 50.000 hectáreas)". Diante desta actitude, o SLG esixiu tamén que a Comisión Europea e o Ministerio de Agricultura deixen de xogar coa cidadanía e cos labregos e labregas, e se decante por un modelo agrario ou por outro.

Bibiana Royero, da Confederación Caribeña e Latinoamericana de Estudiantes de Agronomía (Conclaea)

“En Colombia, hai un divorcio entre o sistema universitario e a agricultura”

Bibiana Royero está a estudar o último ano de agronomía na Universidade de Colombia, e ten viaxado por toda América coa fin de coñecer as organizacións estudantís existentes e fomen-

tar a necesidade de crear federacións de estudantes. Fixo este labor en representación da Conclaea, que está a artellar os movementos estudantís con movementos sociais como os Sem Te-

rra no Brasil ou os Zapatistas en México. Isabel Vilalba aproveitou o Foro Nyéléni para entrevistar a esta estudante dun país, Colombia, onde organizarse é de abondo perigoso.

■ Cales son as principais actividades da vosa organización estudantil e que relación teñen co dereito á soberanía alimentaria?

A soberanía alimentaria forma parte do noso ideario. Os estudantes de Conclaea participamos en feiras de sementes conxuntas, nos encontros das mulleres campesiñas, convivindo cos labregos e coas labregas nas súas casas e coñecendo as súas condicións de vida.

■ Como é a relación entre a agricultura de Colombia e a formación nas universidades?

Hai un divorcio entre a universidade e o agro. O único agrícola na universidade é o latifundio e o agronegocio. Dentro das nosas discusións está o enfoque que lle están a dar á nosa educación. Está dedicada a formar estudantes sen conciencia crítica e analítica. Cada vez reducen máis o tempo de formación: tres ou catro anos para producir man de obra rápida cuns poucos coñecementos técnicos ao servizo das multinacionais.

■ O alumnado de agronomía, en xeral, fai este tipo de análises?

Estamos dentro do modelo. Estannos bombardeando con mensaxes como "o vivo vive do bobo", dándonos co cóbado uns a outros. Pensamos no diñeiro rápido e, realmente, é difícil chegar aos compañeiros e compañeiras. En Colombia, participamos en Conclaea algo menos do 10 % d@s estudantes de agronomía. En Arxentina, algo máis.

No meu país estamos espartando un pouco, a pesares de toda a represión que está exercendo o goberno paramilitar, que expulsa a labregos e labregas e a indíxenas das súas te-



Aínda que non rematou Agronomía, Bibiana xa coñece a agricultura de boa parte de América

rras para facilitar a entrada das multinacionais. @s estudantes tamén sufrimos a represión: hai pouco, os paramilitares mataron a algúns estudantes por participar en mobilizacións nas que se denunciaba a redución de xornada e de calidade no sistema educativo;

cando saín para participar en Nyeleni 2007, vari@s compañeiros e compañeiras quedaban en folga de fame para loitar contra esta represión tan brutal.

■ Que te levou a estudar agronomía?

Nunca pensei estudar agronomía e, durante anos,

non sabía que facer con esta carreira. Iso foi ata que me decatei de que, en Colombia, moita xente está morrendo de fame; ou cando souben que se están a destruír os nosos coñecementos ancestrais, as nosas sementes, o xeito labrego de vida, a nosa hospitalidade... Están aca-

bando con todo iso. Os paramilitares son unha forza auxiliar. Fan todas as cousas que un exercito dun goberno supostamente democrático non pode facer: masacres, asasinatos, destrución de todo movemento social. O intervencionismo de Estados Unidos é cada vez maior e temos un goberno totalmente axeonllado diante do sistema.

■ Como están reaccionando a todo isto os movementos sociais?

Cada vez hai máis unión e as forzas democráticas de esquerda están gañando terreo. É unha situación complicada despois de 45 anos de guerra. Hai grupos guerrilleiros subversivos que mesmo saíron do estudantado.

As Forzas Armadas Revolucionarias de Colombia (FARC), nembargante, están cada día máis lonxe da poboación. Ata onde van chegar? Hai persoas que por non compartir este xeito de acción tamén son asasinadas. Fixeron cousas boas, pero tamén outras moi desafortunadas.

“Temos que levar @s estudantes ao agro e traer a labreg@s á universidade”

■ Que che gustaría facer cando saias da universidade?

Cando remate, quero facer a miña pasantía cunha práctica social nunha organización labrega. Gústame moito a entomoloxía. Meteríame por agroecoloxía. Teño un pouco de mágoa por non decatarme antes deste xeito de entender a miña formación. Os mozos e as mozas non debemos estudar tan só para ter un título e dar gusto a papá, senón para ser suxeitos de transformación social.

■ Que che pareceu o Foro Mundial de Soberanía Alimentaria Nyéléni?

Fixéronse articulacións, traballo

conxunto. Traer a Mali máis de cincocentas organizacións foi algo moi importante. Habería que aproveitar isto acordando algunha mobilización, como facer unha semana de accións conxuntas contra unha multinacional como a Nestlé, por exemplo, que está impulsando totalmente a privatización da auga, o mesmo que a Coca Cola, unha multinacional corrupta que está relacionada incluso co asasinato de sindicalistas.

Se lles damos un golpe certo, poderíamos facer algo ben forte. Todos e todas estamos en contra das multinacionais. Isto xa o sabía antes

de estar aquí. Agora temos que darlle forza.

■ E iso sen esquecer o traballo coa Confederación de Estudiantes de Agronomía.

Si, temos que ver como facemos para loitar contra os muros das universidades. Temos que traer aos campesiños e ás campesiñas á universidade, levar aos mozos e ás mozas que están nas facultades ao agro... Actualmente, @s estudantes estamos, nós mesm@s, levando tamén o problema ao agro. Non queremos ser parte do problema. Queremos ser parte da solución.

Axudas e subvencións a programas para a promoción e formación de mulleres

Axudas establecidas polo Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller, para apoiar o desenvolvemento de programas destinados a facer posible a incorporación das mulleres na vida política, económica, cultural, social e laboral e o coñecemento do seu contorno; fomentar a relación e colaboración entre as asociacións de

mulleres para acadar a igualdade real e efectiva e a non-discriminación entre homes e mulleres; así como apoiar a prestación de atención especializada ás mulleres e colaborar na mellora da súa formación e cualificación profesional.

O prazo para a presentación de solicitudes de axudas dos distintos programas rematará o **25 de maio**.

Axudas para participar e adquirir animais nos certames de gando de raza pura

Axudas para participar e adquirir de exemplares de gando de raza pura nos certames de Galiza no

2007. As solicitudes poderanse presentar no prazo dun mes dende que remate o certame.

Axudas para adquirir animais de razas autóctonas galegas en perigo de extinción

Axudas para o fomento das razas autóctonas galegas de protec-

ción especial en perigo de extinción. **Prazo ata o 31 de maio**.

Axudas á xestión zootécnica para gando vacún, ovino e cabrún no Programa de Mellora Gandeira

Orde do 15 de febreiro de 2007 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas destinadas á realización de programas de xestión zootécnica no gando vacún,

ovino e cabrún, no marco do Programa de mellora gandeira de Galicia, e se convocan para o ano 2007. O prazo de presentación de solicitudes será ata o **27 de maio**.

Axudas para ás explotacións con programas de erradicación de enfermidades animais

O obxecto desta orde é establecer axudas para compensar o lucro cesante nos casos de inactividade nunha explotación gandeira por motivos de encefalopatías esponxi-

formes transmisibles ou outras enfermidades sometidas a programas de erradicación.

O prazo de presentación de solicitudes remata o **21 de novembro**.

Axudas para as entidades recoñecidas como agrupacións de defensa sanitaria gandeira

Axudas á realización de programas de planificación zoonosanitaria polas entidades recoñecidas pola Consellería do Medio Rural como

agrupacións de defensa sanitaria gandeiras (ADSG). O prazo de presentación de solicitudes será ata o **15 de xuño**.

Axudas para paliar os danos do xabaril

Axudas compensatorias a favor d@s afectad@s polos danos causados nos seus cultivos agrícolas polo xabaril desde o 16 de outubro de 2006 ata o 1 de outubro de 2007. O dano deberá ser comunicado no

prazo máximo de sete días dende que se produza chamando ao 900 186 186. As solicitudes deberán formalizarse no prazo dun mes dende que se faga a comunicación de anuncio da colleita.

Axudas de Agader a proxectos dinamizadores das áreas rurais de Galiza

Axudas a proxectos que teñan carácter dinamizador atendendo a un ou varios dos seguintes aspectos: Mellora da calidade de vida e/ou dos servizos á poboación residente en áreas rurais; conservación, mellora e valorización do patrimonio cultural e natural; contribución

á creación dun tecido empresarial con vistas ao desenvolvemento dunha estrutura económica con capacidade de xeración de emprego e de renda. Os proxectos terán como importe máximo total a cantidade de 600.000 euros, cun prazo de solicitude ata o **26 de maio**.

Fomento do emprego en empresas de economía social e de promoción do cooperativismo

Axudas para promover a incorporación de persoas desempregadas ás entidades de economía social, apoiar o desenvolvemento de proxectos de creación e modernización deste tipo de empresas, así como para promover o cooperativismo. Cinco programas I, fomento do emprego en cooperativas e sociedades laborais; II, mellora da competitividade en cooperativas e sociedades laborais; III, impulso de proxectos empresariais cooperativos; IV, fomento do acceso á condición de socio/a traballador/a;

e V, actividades de promoción do cooperativismo e adaptación ás tecnoloxías da información e as comunicacións.

O prazo xeral para a presentación de solicitudes de axudas do programa I, II, III e IV finalizará o **15 de setembro**. O prazo de presentación de solicitudes da axuda pola incorporación de socios e socias traballadores/as ou de traballo será de tres meses desde a alta na Seguridade Social. O prazo de presentación de solicitudes para o **programa V** rematará o **31 de maio**.

Fomento e consolidación de cooperativas

Axudas para o fomento e consolidación do cooperativismo, subvencionando parcialmente os seus gastos normais de funcionamento e

a realización de actividades de promoción do cooperativismo. O prazo para solicitar remata o **21 de maio**.

Reconversión e reestruturación do viñado

O obxecto desta orde é establecer a convocatoria para o ano 2007 das axudas aos plans de reestruturación e reconversión de viñado en Galicia. Estas axudas teñen por finalidade incentivar:

- a) Reconversión varietal.
 - b) Reimplantación de viñedos.
 - c) Melloras das técnicas de xestión do viñado.
- O prazo para facer as solicitudes remata o **31 de maio**.

Compra - Venda - Troco

VENDAS

Véndese

Cisterna en bo estado de 3.000 litros.
Chamar ao 676 283 275

Véndese

Tanque ALFA LAVAL de 330 litros. En bo estado.
Chamar ao 981 796 590

Véndese

Sala de muxido GASCOIGNE, de 4 puntos e lavado automático.
Chamar ao 609 146 788

Véndese

Touro rubio.
Chamar aos números de teléfono 656 204 315 ou 982 187 439

Véndese

Porcos ibéricos e porcos celtas.
Chamar ao 679 890 628

Véndense

-Herba seca en rolos.
-Arados xemelgos.
Chamar ao 982 505 798

Véndese

Angazo rotativo FIOILLINI 420. En O Corgo (Lugo).
Chamar ao 696 097 979

Véndense

Xovenças próximas ao parto.
Chamar ao 629 308 667

Véndense

-Enfardadora SIGMA de barras 1'20 x 1'20.
-Ripper de cinco dentes con sub-solador.
Chamar ao 686 118 173

Véndese

Todoterreo TOYOTA LAND CRUISER, con 70.000 quilómetros. Vende e recolle coche a cambio.
Chamar ao 667 755 460

Véndense

-Cachorros de Bordel Collie.
-Tractor internacional 1255. En Xermade (Lugo).
Chamar ao 609 864 738

Véndense

Dúas segadoras rotativas. Unha VICON de 4 pratos e 1'70 metros de traballo; e unha KUHN GMD 600 de 2'40 metros de traballo. As dúas en bo estado de uso.
Chamar ao 622 611 091

Compra - Venda - Troco

Véndese
-Cisterna CISKAR Super de 3.000 litros.
-Batedor de zurro.
-Rebarbadora STOLL.
-Empacadora ALLIS CHALMERS.
-Peite de cortar herba.
En Lugo.
Chamar ao 982 302 390

Véndese
Conxelador novo en bo estado.
Preguntar por Miguel Anxo no teléfono 600 922 101

Véndese
-Herba seca en rulos.
-Xato de 18 meses, fillo de Leros, e nai.
-Sulfatadora de 400 puntos.
Chamar ao 690 828 935

Véndese
Tanque de leite con 300 litros de capacidade.
Preguntar por Xosefa no teléfono 982 508 142

Véndese
Rotoempacadora GALLIGANI 3.120 con picador. Seminova.
Preguntar por Antonio no teléfono 607 466 727

Véndese
Vacas de carne con cría.
Preguntar por Manuel no teléfono 689 752 400

Véndese
-Rotativa VICON de 1'90.
-Abonadora VICON de 900 quilos.
-Circuíto WESFALIA, enteiro ou por pezas.
Preguntar por Xosé no teléfono 982 137 615. Ás 13:00 horas.

Véndese
Rotativa MORRA de 1'90. En bo estado. Ten seis anos. En Sobrado.
Chamar ao 609 733 289

Véndese
-Sementadora de millo neumática de catro liñas.
-Cisterna de 3.000 litros.
-Rotativa de 1'70.
Todo barato.
Chamar ao 629 738 884

Véndese
-Autocargador GALAGRI.
-Sala de muxido de 4 puntos.
Chamar aos números de teléfono 982 160 657 e 647 172 807

Véndese
Tractor BARREIROS 7.000, de 70 CV, coa ITV ao día. En Santa Cristina (Cospeito).
Chamar ao 982 520 399

Véndese
Remolque de dous eixes.
Chamar ao 636 088 618

Véndese
Dúas eguas preñadas.
Chamar aos números de teléfono 982 163 465 e 630 561 310

Véndese
-Ocas.
-Muíño, tractor e eléctrico, de 5 CV de potencia.
-Renault Megane TD de 90 CV, matrícula C-3710-BT
Chamar aos números de teléfono 646 307 320 e 981 774 561

Véndese
-Silo de herba. Segundo corte picado.
-Rolos de herba. Segundo corte picado.
Chamar ao 881 060 123

Véndese
Empacadora WELGER AP-400, con pouco uso.
Chamar ao 982 370 655

Véndese
Ciclomotor en bo estado e a bo prezo.
Chamar ao 626 334 770

Véndese
-Autocargador GALAGRIA.
-Motocarro APC-50
-Angazo mecánico USAMA L-410
Preguntar por Martina no teléfono 616 989 964

Véndese
Xato pinto, con carta completa e 17 meses de idade.
Chamar ao 690 828 935

Véndese
Empacadora.
Chamar ao 981 459 139.

Véndese
Comedeiro de pensos móbil. Galvanizado. En bo estado. En Irixoa.
Chamar ao 981 788 221

Véndese
Rotativa modelo BELLON 170.
Preguntar por Xosé Manuel no teléfono 981 896 668

Véndese
Tanque de leite e circuíto de muxido marca GASCOIGNE, de 3 puntos e lavado automático.
Chamar aos números de teléfono 981 196 868 e 620 306 456

Véndese
-Tractor FIAT 130-90 turbo.
-Rotativa KUHN de 2'40.
-Sulfatadora de 800 litros.
Chamar ao 657 390 490

Véndese
Moto de 125 cc tipo Custom, cor negra, con 9.000 quilómetros.
Chamar ao 629 622 802

Véndese
Por peche de explotación:
-Carro mesturador vertical de 12 m³, coitelas hidráulicas, cinta alimentadora desprazable a ambas bandas, pé hidráulico, pouco uso.
-Tractor MASSEY-FERGUSON 8.120 Dynasift de 150 CV, con 2.000 horas e primeiras rodas.
-Cornadizas autotrabantes.
-Sala de muxido ALFA LAVAL de seis puntos, medidores volumétricos, e programador de lavado.
-Estendedor de herba no silo con furador para estacas.
-Limpeza automática hidráulica.
Chamar ao 608 879 938

Véndese
Báscula electrónica de 15 quilos.
Chamar aos números de teléfono 981 670 665 e 650 911 778

Véndese
Desbrozadora de cadeas. Ancho de traballo: 1'40 metros.
Chamar ao 670 895 789

Véndese
Segadora BCS en bo estado. Prezo a convir. Con documentación.
Chamar pola noite ao teléfono 982 154 385. Preguntar por Raúl.

Véndese
Tractor de 56 CV, con arado, fresa e remolque con guindastre. Marca ANTONIO CHARRO, modelo Supertigre 7700. Dobre tracción.
Chamar polas noites ao teléfono 988 271 358

Véndese
3 sofás de sala. Un con tres prazas e dous individuais. Seis meses de uso. En bo estado.
Chamar ao 619 733 289

Véndese
-Herba seca.
-Arados xemelgos.
En Santa Cristina (Cospeito).
Chamar ao 982 505 798

Véndese
-Tractor NEW HOLLAND TS 90 con pa TENIAS serie 200B2.
-Picadora JOHN DEERE 5730, con cabezal KEMPER 4500.
Chamar ao 699 380 374

Véndese
-Tanque de frío de 500 litros PORTINOX.
-2 caldeiros de muxir.
Todo con moi bo uso.
Chamar ao 981 798 681

Véndese
-Bebedeiros de aceiro inoxidable.
Preguntar por Iván no teléfono 609 034 203

Véndese
70 gaiolas para coellos.
Chamar ao 620 169 531

Véndese
-Tractor CASE IH, modelo 5150.
-Cabezal CLASS 300 para a herba.
Chamar ao 667 269 883

Véndese
Angazo mecánico VICON.
Chamar ao 649 823 161

Véndese
-Encintadora de brazos.
-Enroladora.
Chamar ao 679 890 628

Véndese
-Sala de muxido marca MANUS, de 4 puntos, con medidores volumétricos e retiradores.
-Tanque de frío FONSERET de 1.050 litros, para dous muxidos.
Por abandono de actividade.
Chamar ao 620 062 581

Véndese
-Tractor JOHN DEERE 3050 de dobre tracción.
-Rotoempacadora GREENLAND.
-Encintadora CARRARO.
-Segadora rotativa PZ 190.
-Angazo mecánico PZ.
Por peche de explotación.
Chamar ao 626 039 223

Véndese
-Cisterna de 1.500 litros marca CALAGRI.
-Motosegadora BERTOLINI.
Preguntar por Lourenzo no teléfono 982 179 383

Véndese
-Grade rotativa KUHN, 3 metros.
-Poldro para os pés das vacas.
Chamar ao 669 839 647

Véndese
Colleitadora de patacas marca AGROMER PIONNER, con tolva de 1.300 quilos. Cor azul.
Chamar ao 619 904 183.

Véndese
-Rulos de herba seca.
-Un silo de herba.
-Tanque de leite de 1.000 litros e 4 muxidos, marca PAKO.
Preguntar por Luís no teléfono 982 150 271

Véndese
Tanque de leite de 1.000 litros, marca TACKO.
Chamar ao 982 153 098

COMPRAS

Mércanse
Conxelador e neveira.
Chamar ao 620 169 531

Mércase
Cisterna de zurro de 6.000 litros.
Chamar aos números de teléfono 982 164 333 e 608 088 249

Mércase
Cisterna de zurro de 5.000 litros.
Preguntar por Xulio no teléfono 988 447 414

Mércase
Remolque espaxecedor de esterco.
Preguntar por Adolfo no 647 459 163

Mércase
Cisterna de 10.000 litros.
Chamar polas noites ao teléfono 618 304 983

OUTROS

Instálanse
Sistemas de calefacción con estufas de pallets e caldeiras de biomasa. ECOALOR. Calefacción ecolóxica subvencionada.
Preguntar por Xosé no 678 643 119 ou contactar no enderezo electrónico ecocalor@hotmail.com

Búscase
Traballador/a para explotación de vacún de carne.
Chamar ao 679 890 628

Búscase
Empregad@ para traballar en explotación de vacún de leite, na zona de Vilalba.
Chamar ao 625 180 903

Necesítase
Persoa interesada en manter e mellorar unha explotación gandeira de vacún na provincia de Ourense.
Chamar aos números de teléfono 988 491 531 e 627 744 956

Alúgase
Granxa de coellos de 300 nais. No lugar de Sabariz, en Rairiz de Veiga (Ourense).
Preguntar por Olga no teléfono 988 302 197

Búscase
Traballador/a para explotación de vacún de leite en Xermade (Lugo).
Chamar ao 627 950 681

* * * * *

Para poder anunciarse nesta sección cómpre estar afiliad@ no SLG e comunicar o anuncio a través da súa oficina sindical máis achegada. Os anuncios publicanse durante tres números consecutivos, ao cabo dos cales quitaranse. En caso de que @ anunciante quixera seguir mantendo o seu anuncio, ou para realizar calquera modificación do mesmo, debe poñerse en contacto de novo coa súa oficina sindical para facelo.

Eleccións aos consellos reguladores de Monterrei, Rías Baixas, Ribeira Sacra, Ribeiro, Valdeorras, Pataca de Galiza e Tenreira Galega

A Consellaría de Medio Rural publicou a orde que convoca eleccións aos consellos reguladores das denominacións de orixe Monterrei, Rías Baixas, Ribeira Sacra, Ribeiro e Valdeorras; e das indicacións xeográficas protexidas Pataca de Galiza e Tenreira Galega. Desta maneira ponse fin a unha etapa nestes consellos caracterizada por unha xestión presidencialista que deixou sempre ao sector nun segundo plano. A cita será o vindeiro 1 de xullo, e o Sindicato Labrego xa está a traballar nos novos retos que se aveciñan. **Páx. 5**



FERIA INTERNACIONAL
Semana Verde
de Galicia



> 13 ao 17 de Xuño '07



Agricultura

Gandeiría

Maquinaria

Equipamentos

sementando futuro <<

www.feiragalicia.com



FEIRA INTERNACIONAL DE GALICIA · 36540 SILLEDA · Pontevedra · Tel 986 577000 · semanaverde@feiragalicia.com